



XUNTA DE GALICIA

AUGAS DE GALICIA

Anuncio

Número Expte.: DH.A27.59780

De acordo co previsto no artigo 116 do Regulamento de dominio público hidráulico, aprobado polo Real decreto 849/1986, do 11 de abril, fago público, para xeral coñecemento, que por resolución da dirección de Augas de Galicia de data 29 de marzo de 2022 e como resultado do expediente incoado ó efecto, outorgouse ó Concello de Alfoz, unha concesión de 9691,85 m³ anuais de auga procedente dunha captación no rego da Ibia, no lugar da Panda, na parroquia das Oiras (San Mamede), no concello de Alfoz (Lugo), con destino a abastecemento de poboación, e a uso gandeiro.

Santiago de Compostela, 29 de marzo de 2022.- O xefe do Servizo de Tramitación Técnico-Administrativa do Dominio Público Hidráulico, José Ángel Someso Anguita.

R. 0779

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE CULTURA, PATRIMONIO HISTÓRICO ARTÍSTICO E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Anuncio

RELACIÓN DE SUBVENCIÓNS DIRECTAS (NOMINATIVAS E EXCEPCIONAIS) TRAMITADAS POLA ÁREA DE CULTURA, PATRIMONIO HISTÓRICO ARTÍSTICO E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA (CULTURA) DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO NO PRIMEIRO TRIMESTRE DO ANO 2022.

En cumprimento do establecido nos artigos 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, 30 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e 11 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo, faise pública a relación de subvencións directas, nominativas e de carácter excepcional, tramitadas pola Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística (Cultura) da Excma. Deputación Provincial de Lugo no primeiro trimestre do ano 2022.

ENTIDADE BENEFICIARIA	NIF	TIPO SUBV.	OBJECTO	APLIC. ORZAMENT.	IMPORTE	ÓRGANO APROBACIÓN
Asociación de Amigos del Jazz Escobijazz	G27112796	Nominativa	Festival de Jazz de Lugo	3340.48900	20.000,00 €	Presidencia
Grupo Foto Cinematográfico Fonmiñá	G27011865	Nominativa	Semana do Cine	3340.48900	35.000,00 €	Presidencia
Sociedad Filarmónica de Lugo	G27013069	Nominativa	Realización de concertos Tempada	3340.48900	9.000,00 €	Presidencia
Mesa pola Normalización Lingüística	G15154610	Nominativa	Funcionamento e Actividades	3340.48900	15.000,00 €	Presidencia

Vº.Bº.

O PRESIDENTE, P.D. Decreto de data 26-07-2019.- O DEPUTADO DELEGADO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL, Pablo Rivera Capón.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 0791

CONCELLOS

CARBALLEDO

Anuncio

En sesión plenaria celebrada o 31 de marzo de 2022 foi inicialmente aprobado o expediente de modificación de crédito do orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito núm. 1/2022, por importe de **180.000,00€ (CENTO OITENTA MIL EUROS)** o que faise público polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno; de tal xeito que o expediente considerárase definitivamente aprobado si durante o citado período non fora presentada reclamación algunha ao mesmo.

Carballedo, 4 de abril de 2022.- O Alcalde, Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.

R. 0780

FOZ

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 23 de marzo de 2022, aprobáronse os Padróns do Prezo Público pola prestación do servizo de axuda no fogar dos meses de xaneiro e febreiro de 2022, así como a apertura dun período de información pública por prazo de vinte días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación deste edicto no B.O.P. para consultar o seu contido e presentar as alegacións que estimen oportunas, rematado este prazo sen presentarse reclamacións, entenderanse definitivamente aprobados.

O período de cobro en período voluntario fíxase entre o 28 de marzo e o 28 de maio de 2022.

Ao día seguinte do vencemento do prazo do ingreso en período voluntario iniciárase o procedemento executivo e o administrativo de constrinximento, e devengarán as débedas as recargas do período executivo así como os correspondentes xuros de mora en virtude dos artigos 26, 27 e 28 da Lei Xeral Tributaria.

Contra as liquidacións de carácter tributario que se deriven dos presentes padróns poderase interpoñer recurso de reposición previo ao contencioso-administrativo, no prazo dun mes a contar dende a finalización do período de exposición pública de conformidade co establecido no artigo 14.2.c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Contra a desestimación expresa ou presunta do recurso de reposición poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante os órganos e na forma e prazos determinados na Lei reguladora desta Xurisdición.

Foz, 24 de marzo de 2022.- O ALCALDE, FRANCISCO CAJOTO CASERÍO.

R. 0781

GUITIRIZ

Anuncio

Aprobación inicial do expediente de modificación orzamentaria por Crédito Extraordinario 1/2022. Expte. 264/2022

Aprobado polo Pleno desta Corporación en sesión celebrada o 31 de marzo de 2022 o expediente de modificación orzamentaria consistente en crédito extraordinario por un importe total de 397.657,51 € en cumprimento do disposto no artigo 177.2 en relación co 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, exponse ao público, durante un prazo de quince días hábiles, na Secretaría Xeral do Concello, que empezarán a contarse dende o día seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de que podan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, que deberán dirixirse á Sra. Alcaldesa – Presidenta deste Concello.

Guitiriz, 4 de abril de 2022.- A Alcaldesa, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 0782

LUGO

Anuncio

14/194 APROBACIÓN DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS A OND PARA A ADXUDICACIÓN DE SUBVENCIÓNS A PROXECTOS DE COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO E A PROXECTOS DE SENSIBILIZACIÓN SOCIAL NO TERMO DO CONCELLO DE LUGO, AUTORIZACIÓN DO GASTO E APROBACIÓN DAS BASES XERAIS REGULADORAS DA CONVOCATORIA. (ORZAMENTO ANO 2022).- Examinado o expediente tramitado para os efectos e vista a proposta da Concelleira Delegada de Benestar Social, Inclusión e Persoas Maiores, do 28 de marzo de 2022, na parte expositiva do cal se fai constar:

“O artigo 25 da Ordenanza xeral municipal reguladora da concesión de subvencións do Concello de Lugo, no que se establece para os procedementos de concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva que con carácter previo ao outorgamento de subvencións se aprobarán as correspondentes bases reguladoras das subvencións.

O Concello de Lugo aprobou o Plan estratéxico de subvencións para o período 2020-2022, así como a actualización do devandito Plan estratéxico para o ano 2022 mediante acordo da xunta de goberno local nº 5/139, do 16/03/2022.

A existencia de consignación orzamentaria na aplicación orzamentaria 23179.48900 (RC 7397/22) destinada a financiar gastos correntes para proxectos de sensibilización social por importe de 10.000€ e na aplicación orzamentaria 23179.78000 (RC 7398/22) destinados a gastos de investimento dos proxectos de cooperación por importe de 70.000€.

Vistos:

- O informe proposta do 11/02/2022 de Servizos Sociais.
- 2) O informe do Servizo de Fomento do 16/02/2022.
- O informe de fiscalización de intervención nº 2022/476 polo que se fiscaliza favorable o expediente con observacións tidas en conta nesta proposta de acordo.

Con base no exposto e visto que a Xunta de Goberno Local se reserva, segundo o acordo 28/452, do 17 de xullo de 2019, o exercicio das atribucións referentes á aprobación de bases (autorización do gasto) nos expedientes de subvencións tramitados en réxime de concorrencia competitiva, en consecuencia, previos os trámites oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta da Concelleira Delegada da área respectiva e por unanimidade dos seguintes asistentes: Excm. Sra. D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Concello de Lugo (Grupo Municipal PSdeG-PSOE); Ilma. Sra. D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos (GMPSdeG-PSOE); Ilmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial (GMPSdeG-PSOE); Ilma. Sra. D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Cohesión e Dinamización Social (GMPSdeG-PSOE); Ilmo. Sr. D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego); Ilma. Sra. D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua (GMBNG) e a Ilma. Sra. D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Participación e Servizos para a Veciñanza (GMBNG), **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Que se proceda á convocatoria para o exercicio 2022 de subvencións a organizacións non gobernamentais de desenvolvemento (ONGD) para a realización de proxectos de cooperación en países menos desenvolvidos e de sensibilización dentro do termo municipal do Concello de Lugo, de conformidade coas bases establecidas neste procedemento de concorrencia competitiva.

SEGUNDO.- Aprobar autorización o gasto (fase A) de 80.000€ a que ascende o importe total das subvencións que se outorgarán por parte dos servizos sociais, dos cales 70.000 € financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 23179.78000 (RC 7398/22) destinados a gastos de investimento dos proxectos de cooperación, e 10.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 23179.48900 (RC7397/22).

TERCEIRO.- Que se proceda á aprobación das correspondentes bases polas que se vai rexer a convocatoria, que son do seguinte teor literal:

BASES XERAIS POLAS QUE SE REGULA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ORGANIZACIÓNS NON GOBERNAMENTAIS DE DESENVOLVEMENTO PARA A REALIZACIÓN DE PROXECTOS DE COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO E PROXECTOS SENSIBILIZACIÓN SOCIAL EN LUGO, E OS SEUS ANEXOS (EXERCICIO ECONÓMICO 2022).

ARTIGO 1.- OBXECTO E FINALIDADE

Estas bases regulan a adxudicación de subvencións a organizacións non gobernamentais de desenvolvemento (ONGD) para a realización de proxectos de cooperación en países menos desenvolvidos e de sensibilización

dentro do termo municipal do Concello de Lugo. Polo tanto, quedan excluídos os axentes de cooperación diferentes das organizacións non gobernamentais para o desenvolvemento, é dicir, empresas, organizacións empresariais, sindicatos, universidades, institucións financeiras, de aforro, formacións políticas e outros axentes sociais e administracións que teñan entre os seus fins a realización de actividades de cooperación para o desenvolvemento ou de sensibilización social.

Para o non previsto nestas bases, será de aplicación a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Ordenanza Xeral Municipal reguladora da concesión de subvencións e o Regulamento de control Interno do Concello de Lugo e demais normativa legal de aplicación.

A finalidade da convocatoria é financiar a realización de accións e proxectos que contribúan ao seguinte segundo o proxecto:

a) **Proxectos de cooperación ao desenvolvemento:** financiamento de proxectos que presten especial atención á cobertura de necesidades básicas da poboación dos países máis empobrecidos e desenvolvemento económico local:

a.1) cobertura de necesidades básicas, concretamente, proxectos de educación básica, abastecemento de auga e saneamento, xestión integral e gobernanza de recursos hídricos, habitabilidade básica, alimentación, servizos sociais, saúde xeral e básica e programas/políticas sobre saúde sexual e reprodutiva.

a.2) Infraestrutura e promoción do tecido económico, concretamente proxectos de agricultura e agroindustrias, desenvolvemento rural, pesca e acuicultura.

Estas accións deberán contar con certa permanencia ou estabilidade, excluíndose, polo tanto, os proxectos de axuda humanitaria dirixidos a paliar situacións transitorias derivadas de catástrofes ou similares e os de carácter asistencial que non poidan asegurar a súa viabilidade cando cese o financiamento externo.

b) **Proxectos de sensibilización social:** Executar accións de sensibilización, información e educación para o desenvolvemento. Enténdese por tales as executadas no Concello de Lugo que estean dirixidas a fomentar o espírito de solidariedade, melloren o coñecemento e información sobre a problemática dos países menos desenvolvidos, estimulen a participación da cidadanía lucense nas tarefas de cooperación internacional e desenvolvemento dos pobos.

Os proxectos que se presenten a esta convocatoria non poderán conter na súa formulación ningún tipo de discriminación e/ou exclusión, deberán impulsar a equidade de xénero e máis o empoderamento feminino, o exercicio de dereitos das mulleres e da infancia. Así mesmo deberán respectar a idiosincrasia da poboación beneficiaria e o seu medio ambiente.

As asociacións ou entidades beneficiarias das axudas comprométense e obríganse a non utilizar a imaxe da muller como reclamo e/ou con connotacións de tipo sexual e á non denigración da súa imaxe.

Conforme ao acordo Plenario 7/7, do día 25 de xaneiro de 2018, para o cumprimento da Lei 19/2013, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, as entidades que perciban cando menos o 40% do total dos seus ingresos anuais que teñan carácter de axuda ou subvención pública e acaden como mínimo a contía de 5.000€, deberán publicar a información relativa ás subvencións e axudas públicas concedidas conforme ao establecido na antedita normativa.

ARTIGO 2.- PROXECTOS SUBVENCIONABLES.

Para a concesión destas subvencións os proxectos presentados deberán cumprir todos os seguintes requisitos segundo corresponda, será inadmitida a solicitude de subvención para un proxecto que non cumpra cos seguintes requisitos.

2.1.- Proxectos de cooperación ao desenvolvemento:

a) Que se trate de proxectos a desenvolver nalgún dos países que teñan un índice de desenvolvemento humano baixo ou en países indicados como prioridade xeográfica segundo o IV Plan director da cooperación galega para o desenvolvemento 2018-2021, prorrogado para este ano 2022 mediante acordo do Consello da Xunta do 03/02/2022.

b) Que se trate de proxectos destinados á cobertura de necesidades básicas e desenvolvemento económico local:

- proxectos de educación básica, abastecemento de auga e saneamento, xestión integral e gobernanza de recursos hídricos, habitabilidade básica, alimentación, servizos sociais, saúde xeral e básica e programas/políticas sobre saúde sexual e reprodutiva.

- Infraestrutura e promoción do tecido económico, concretamente proxectos de agricultura e agroindustrias, desenvolvemento rural, pesca e acuicultura.

c) Que incorporen as prioridades transversais da cooperación galega incluídas no IV Plan director da cooperación galega para o desenvolvemento 2018- 2021, prorrogado para o ano 2022.

- A erradicación da pobreza multidimensional.-

A erradicación da pobreza en todas as súas dimensións, en todos os lugares e na xeración actual e futura constitúe a principal arela e deberá operar como a prioridade e o horizonte do conxunto das actividades da cooperación galega.

- A equidade de xénero.-

Incorporarase de forma sistemática a perspectiva de xénero en todas as actuacións e instrumentos da cooperación galega, para a promoción dunha cultura de igualdade e o cumprimento dos dereitos políticos, económicos, laborais, sociais e culturais das mulleres e nenas, así como dos seus dereitos sexuais e reprodutivos.

-A defensa da sostibilidade ambiental e a loita contra o cambio climático.-

As actuacións da cooperación galega integrarán medidas que apoiem modelos de desenvolvemento baixo en carbono, de economía circular e resilientes ao cambio climático. Para logralo, empregaranse índices ambientais, realizaranse diagnósticos ambientais, fomentaranse as tecnoloxías apropiadas e as enerxías limpas e renovables, e promoveranse o comercio xusto, o consumo responsable e as compras de bens e a utilización de servizos acreditados con certificacións ou selos que garantan o cumprimento de determinados criterios de sostibilidade e xustiza ambiental e social.

- O enfoque baseado en dereitos humanos.-

A través das súas actuacións, a cooperación galega promoverá a realización dos dereitos humanos e do dereito ao desenvolvemento humano sostible, e impulsará o empoderamento de todas as persoas para a reivindicación e exercicio pleno dos seus dereitos, a participación política e a non discriminación, de tal xeito que as persoas que participen nos proxectos da cooperación galega sexan recoñecidos como titulares de dereitos e liberdades. Ademais, contribuirá a que as persoas e institucións titulares de obrigas melloren as súas capacidades para o cumprimento das súas responsabilidades. Dentro deste enfoque de dereitos humanos prestarase unha especial atención á protección e realización dos dereitos humanos dos colectivos prioritarios recollidos no IV Plan director da cooperación galega para o desenvolvemento 2018- 2021, prorrogado para o ano 2022.

- O respecto pola diversidade cultural e a promoción da interculturalidade.

Os axentes e actores de cooperación promoverán nas súas actuacións o respecto da diversidade cultural, a protección do patrimonio material e inmaterial, e o fomento do diálogo e convivencia intercultural.

- A equidade e a loita contra as desigualdades.

As actuacións da cooperación galega promoverán un desenvolvemento con equidade e unha diminución das desigualdades a través da promoción dos dereitos, oportunidades, opcións e dignidade das persoas.

- A participación cidadá e fortalecemento institucional e da sociedade civil.

A cooperación galega fomentará a participación efectiva, real e equitativa das persoas, colectivos, comunidades e institucións.

d) Que dean participación á poboación beneficiaria dende a súa elaboración e deseño ata a súa execución e avaliación.

e) Os proxectos propostos non substituirán a acción do Estado na prestación da servizos públicos.

f) Que contén coa participación dunha contraparte local que actuará como socio da entidade solicitante na execución e xestión dos recursos.

2.2 Proxectos de sensibilización social:

a) Que se trate de proxectos que fomenten os valores de solidariedade, comercio xusto, consumo responsable, defensa dos dereitos humanos, respecto á diversidade cultural, valores medioambientais e defensa da equidade de xénero.

b) Que repercuta nun importante número de poboación.

c) Que fomenten a crítica das desigualdades mundiais e favorezan actitudes persoais e colectivas solidarias coas persoas máis desfavorecidas.

d) Que dean a coñecer a realidade dos países máis desfavorecidos e das causas que xeran a pobreza e que defendan especialmente a situación da infancia, muller, xuventude, pobos indíxenas, persoas refuxiadas e desprazadas.

e) Que fomente a participación activa da cidadanía ou colectivos destinatarios.

ARTIGO 3.- ENTIDADES BENEFICIARIAS: REQUISITOS

Poderán solicitar axudas para a realización de proxectos de cooperación ao desenvolvemento e sensibilización social **as organizacións non gobernamentais de desenvolvemento que reúnan todos os seguintes requisitos:**

- a) Estar legalmente constituídas e inscritas no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento creado pola Xunta de Galicia.
- b) Acreditar, no caso de proxectos de cooperación ao desenvolvemento, unha experiencia mínima de 2 anos no ámbito territorial de actuación para o que se solicita o proxecto e acreditar unha experiencia mínima de 4 anos realizando proxectos de cooperación coa consecuente capacidade operativa para isto.
- c) Carecer de ánimo de lucro e non depender economicamente ou institucionalmente de entidades lucrativas.
- d) Ter entre os seus fins institucionais expresos, segundo os seus propios estatutos, a realización de actividades relacionadas coa cooperación ao desenvolvemento /sensibilización social e o fomento da solidariedade entre os pobos, cooperación social ou actividades análogas.
- e) Ter xustificadas en prazo e de acordo coas bases reguladoras de cada convocatoria as subvencións concedidas, con anterioridade polo Concello de Lugo, para o cumprimento de fins análogos, durante os dous exercicios económicos anteriores.
- f) Estar ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Delegación de Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia, coa Tesourería Territorial da Seguridade Social e co Concello de Lugo, respectivamente.
- g) Non estar incurso en prohibición para obter a condición de beneficiario/a das subvencións de conformidade co artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- h) Presentar un proxecto que sexa tecnicamente viable.
- i) Ter sede, domicilio social ou **delegación permanente** na Comunidade Autónoma de Galicia e manter a entidade aberta durante a execución do proxecto e ata 1 ano despois da súa finalización.

Entenderase por delegación permanente aquela que conte con persoal da organización e local fixo onde realicen as súas actividades, non se admitirá a referencia ao domicilio dunha persoa socia ou representante da entidade da mesma como domicilio social. Esta circunstancia deberá ser xustificada documentalmente pola entidade beneficiaria podendo o concello realizar de oficio as comprobacións pertinentes para verificar o cumprimento deste requisito. Neste caso, esta delegación asumirá a responsabilidade directa na presentación da solicitude e comprometerase ao mantemento da documentación, á contabilidade e coexistión do proxecto.

j) Que nos proxectos de cooperación ao desenvolvemento se identifiquen as contrapartes ou socios locais que participen responsablemente na execución material do proxecto e na xestión dos recursos, contando expresamente o seu compromiso no proxecto.

O cumprimento destes requisitos deberá verificarse no día de remate de presentación de solicitudes e o seu incumprimento convelará a inadmisión a trámite da solicitude presentada.

ARTIGO 4.- CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA DAS SUBVENCIÓNS

Esta convocatoria está dotada cun orzamento total de 80.000 €, dos cales 70.000 € financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 23179.78000 (RC RC7398) destinados a gastos de investimento dos proxectos de cooperación, e 10.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 23179.48900 (RC7397) con destino a gastos correntes dos proxectos de sensibilización social. Ambas as dúas aplicacións orzamentarias pertencentes ao orzamento municipal para o exercicio económico de 2022.

ARTIGO 5.- ENTIDADES COLABORADORAS

Establécese a posibilidade de nomeamento dunha entidade colaboradora para a xestión destas axudas sen que se produza a previa entrega e distribución dos fondos recibidos, ao abeiro do disposto no art 12 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o art 13.4 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. A selección da entidade colaboradora realizarase mediante un procedemento sometido aos principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación.

ARTIGO 6.- FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

As organizacións non gobernamentais presentarán a solicitude no modelo do ANEXO I , de acordo co disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, LPACAP, por medios electrónicos, ben a través da sede electrónica (www.lugo.gal) ou a través de calquera dos rexistros electrónicos das administracións públicas segundo o artigo 16.4 a) do mesmo texto legal, dentro do prazo de QUINCE DÍAS HÁBILES, contados a partir do día seguinte ao da publicación do **extracto** da convocatoria no BOP.

O texto íntegro das bases xerais e a convocatoria publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, na forma e nos termos previstos na Lei Xeral de Subvencións (artigo 17.3.b, 18 e 20.8). Así mesmo publicarase na páxina web do Concello de Lugo (www.concellodelugo.gal) e no “Portal de Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Lugo.

A solicitude deberá ir acompañada da documentación que a continuación se menciona, agás que xa estivera en poder do Concello de Lugo por tela presentado en anteriores convocatorias e esté en vigor. Esta circunstancia deberá facerse constar na solicitude xunto coa identificación do procedemento no que conste a documentación.

A documentación deberá estar en calquera dos idiomas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia e se a documentación correspondente á contraparte local figura nun idioma distinto deberá achegar a súa tradución. Esta esixencia será aplicable á documentación que se presente na xustificación da subvención.

DOCUMENTACIÓN:

2.1) Fotocopia do DNI da persoa que asina a solicitude e documento acreditativo da representación que posúe na entidade solicitante.

2.2) Copia do código de identificación fiscal da entidade.

2.3) Copia dos estatutos da entidade onde conste explicitamente a inexistencia de ánimo de lucro da entidade e que dentro dos fins institucionais ten a realización de actividades relacionadas coa cooperación ao desenvolvemento / sensibilización social, fomento da solidariedade entre os pobos, cooperación social ou actividades análogas.

2.4) Acreditación de estar inscrito no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento da Xunta de Galicia.

2.5) Documentación acreditativa de ter sede na comunidade autónoma de Galicia.

2.6) Declaración responsable, segundo o modelo que figura no ANEXO II destas bases, acreditativa de:

- As subvencións ou axudas solicitadas ou percibidas pola entidade solicitante por parte doutras entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para o financiamento da actividade para a que se solicita a subvención.

-A actividade, proxecto ou programa para o que se solicita a subvención se vai efectuar nos termos establecidos no proxecto presentado nesta convocatoria.

- Non estar inhabilitada ou incurso en prohibición para obter a condición de beneficiaria de subvencións, de conformidade co establecido no artigo 10 da Lei 4/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia nin do artigo 13 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

- Estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á Axencia Estatal da Administración Tributaria, Tesouraría Territorial da Seguridade Social, Facenda Autonómica e Concello de Lugo, respectivamente.

Nos supostos nos que, tras a tramitación da solicitude, resulte que o importe da subvención proposta exceda de 3.000 €, de conformidade co artigo 22 e 24 do Real decreto 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no momento en que se xustifique a subvención deberase presentar certificación da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesouraría Xeral da Seguridade Social acreditativas de estar ao día nas obrigas tributarias e sociais e certificación da Consellería de Facenda e do Concello de Lugo de non ter débeda ningunha por ningún concepto coa facenda autonómica e local respectivamente.

A presentación da solicitude comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar a certificación de non débedas co Concello de Lugo.

-O persoal que desenvolve as súas funcións na entidade solicitante no ten relación laboral ningunha co Concello de Lugo.

2.7) Proxecto concreto de actuación que se formulará de acordo co estipulado nas bases (ANEXO III)

2.8) Declaración na que conste o compromiso de achegar o 10% do gasto total orzamentado que deberá financiarse exclusivamente pola ONGD solicitante, a contraparte local, e/ou as persoas beneficiarias.

2.9) Certificación bancaria acreditativa do número de conta onde se desexa que se ingrese o importe da subvención.

2.10) Certificación acreditativa:

- Do número de socios e socias en Galicia.

-Compromiso de manter a sede aberta en Galicia ao menos 1 ano despois da finalización do proxecto.

2.10) Carta de compromiso de participación no proxecto por parte da contraparte local, no caso de proxectos de cooperación, asinada pola persoa que desempeña a representación legal da entidade.

2.11) Calquera outra documentación que se considere precisa pola entidade solicitante.

ARTIGO 7.- MELLORA DA SOLICITUDE

Se a solicitude presentada pola entidade interesada non reúne os requisitos establecidos nestas bases e/ou non achega a documentación indicada ou está incompleta e/ou ten algún defecto, requiriráselle para que **no prazo máximo e improrrogable de dez días hábiles** a achegue, complete e/ou emende as deficiencias observadas, indicándolle que, se non o fixese, se lle terá por desistido da súa solicitude, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

ARTIGO 8.- COMPATIBILIDADE DE SOLICITUDES.

As entidades solicitantes poderán presentar proxectos para ámbalas dúas convocatorias (proxectos de cooperación ao desenvolvemento e proxectos de sensibilización social) sempre e cando se cumpran os requisitos esixidos para cada unha delas. Neste suposto deberá obrigatoriamente presentar unha solicitude para cada unha das convocatorias.

ARTIGO 9.- PROCEDEMENTO

O procedemento para a concesión das subvencións previstas nestas bases axustarase ao establecido nos artigos 26, 27, 28 e 29 da Ordenanza municipal de subvencións; nos artigos 20, 21, 22, 23 e 24 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia concordantes cos 23,24,25 e 26 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións coas seguintes especificacións:

1.- Órgano instructor:

- Composición:

Estará integrado por unha unha persoa técnica adscrita aos servizos sociais municipais.

Funcións:

-Comprobar que as entidades solicitantes e os proxectos presentados reúnen todos os requisitos recollidos nestas bases. De non ser así, requiriralle á entidade solicitante para que no prazo de dez días achegue os documentos preceptivos ou corrixa as deficiencias, con indicación que de non facelo así, se lle terá por desistida da súa petición, logo da resolución, que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 21 da dita Lei.

-Solicitar cantos informes considere oportunos para a tramitación do expediente tanto ás ONG solicitantes como a entidade colaboradora, de ser o caso.

- Presentar unha proposta de avaliación non vinculante na que se recollerá a proposta de puntuación de cada unha das solicitudes, proposta de subvención que corresponda conforme ás bases ou proposta de desestimación ou non admisión.

- Dar traslado á Coordinadora Galega de ONG aos efectos de que designe a unha persoa representante para que forme parte da Comisión de Avaliación.

- Comunicar ás ONGD solicitantes o día e a hora de celebración da reunión da Comisión de Avaliación de Actividades de Desenvolvemento para a súa asistencia e participación na defensa dos proxectos presentados, se así o consideran oportuno.

2.- Comisión de Avaliación de Actividades de Desenvolvemento:

- Composición:

PRESIDENTE/A:

Un/ha técnico/a adscrita ao servizo de Benestar social, Inclusión e Persoas Maiores, ou persoal que o/a substitúa.

VOGAIS:

Un/Unha técnico/a do servizo de servizos sociais ou persoal que o/a substitúa.

Un/Unha representante da Coordinadora Galega de ONGD. Este/a representante non poderá pertencer a unha ONGD que presentara solicitude de subvención na convocatoria obxecto de avaliación.

SECRETARIA:

Un/ha funcionario/a municipal que actuará, con voz e sen voto e que levantará acta da xuntanza da comisión avaliadora.

b) Funcións:

-Coñecer o informe de avaliación non vinculante elaborado polo órgano instructor ou pola entidade colaboradora, os proxectos avaliados, as incidencias nas avaliacións, as puntuacións e as contías das subvencións propostas.

- Requerir, se fose necesario, documentación e/ou informes complementarios. Poderá solicitarlle, de ser o caso, á Coordinadora Galega de ONGD un informe previo de asesoramento de carácter non vinculante e ás ONGD solicitantes poderalles solicitar as aclaracións que estime precisas.

-A avaliación das solicitudes, realizando o estudo, seguimento e avaliación dos proxectos presentados aplicando os criterios recollidos no artigo 10 destas bases.

O/A secretario/a da Comisión Avaliadora levantará acta da reunión que incluírá unha proposta de avaliación non vinculante. No suposto de empate na votación o presidente terá voto dirimente.

3.- Posteriormente, o órgano instrutor elaborará a correspondente proposta de resolución que lle será remitida ao órgano correspondente para os efectos de aprobación do gasto e adxudicación da subvención que será a Concelleira delegada Benestar, Inclusión e Persoas Maiores, segundo os acordos municipais de delegación de competencias.

4.- Prazo para resolver.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento será de **seis meses**, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no BOP. Transcorrido o dito prazo sen que se adopte resolución expresa poderase entender desestimada por silencio administrativo. A resolución porá fin á vía administrativa, e contra ela as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de reposición ante o mesmo órgano ou ben, alternativamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Lugo.

6.- Publicidade das subvencións concedidas.

Procederáse á publicación da concesión das subvencións outorgadas de conformidade co establecido no artigo 8º da Ordenanza xeral municipal reguladora da concesión de subvencións e o disposto no Título II da Lei 19/2016, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. Ademais o Concello deberá facilitar a información procedente á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) conforme ao disposto no artigo 18.2 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións.

ARTIGO 10 .- REFORMULACIÓN

Non se admitirá a reformulación dos proxectos para o caso de que o importe da subvención proposta sexa inferior á solicitada.

ARTIGO 11.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Para a avaliación das solicitudes, distinguírase entre proxectos de cooperación ao desenvolvemento e proxectos de sensibilización social. A puntuación máxima outorgable aos proxectos de cooperación ao desenvolvemento é de 45 puntos e a puntuación máxima outorgable aos proxectos de sensibilización social é de 30 puntos.

Será condición indispensable para obter subvención acadar ou superar o 60% da puntuación máxima esixida para cada un dos proxectos na fase de avaliación dos proxectos, que nos proxectos de cooperación é de 27 puntos, e nos proxectos de sensibilización social é de 18 puntos.

Independentemente do anterior, aqueles proxectos que a Comisión de Avaliación de Actividades de Desenvolvemento considere que son de imposible execución serán rexeitados por non ser tecnicamente viables.

Non serán puntuables aqueles criterios que constitúan un requisito esixido para participar na convocatoria. A avaliación rexeráse polos criterios relacionados a continuación e cada un dos aspectos seguintes será puntuado co rango de puntuación que se indica sendo a puntuación final de cada proxecto o resultado da suma total de cada un dos parágrafos obxecto de baremación.

A) AVALIACIÓN DOS PROXECTOS DE COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO.

a) Experiencia da ONG solicitante (de 0 a 15).

- Achega financeira da ONGD e/ou da contraparte local ao proxecto que garanta a súa execución con independencia do financiamento externo. Só se puntuarán as achegas que sexan superiores ao 10% do orzamento presentado. (Ata 5 puntos).

- Presenza da entidade no Concello de Lugo coa localización dunha sede permanente. (Se conta con sede obterá 3 puntos, en caso contrario 0 puntos).

- Experiencia no ámbito da cooperación ao desenvolvemento. Número de proxectos realizados. (Ata 3 puntos)

- Experiencia na zona/ país na que se vai desenvolver o proxecto. Número de proxectos realizados.(Ata 4 puntos)

b) Grao de adecuación do proxecto ás prioridades sinaladas no artigo 2.1 apartado a) , b) e c) destas bases (de 0 a 10)

- Proxectos que se enmarquen nos ámbitos estratéxicos da cooperación galega establecidos no IV Plan director da cooperación galega (promoción do exercicio dos dereitos sociais básicos: saúde, educación, alimentación, hábitat, auga e saneamento básico, apoio á agricultura, a pesca e a acuicultura sostible , impulsar a equidade

de xénero e máis o empoderamento e o exercizo dos dereitos das mulleres e da infancia, paliar e reducir a vulnerabilidade e construír unha cidadanía global comprometida coa transformación social, a solidariedade e o desenvolvemento humano sostible. (Ata 5 puntos)

- Que se trate de proxectos que contemplan formas de organización social e/ou a formación das persoas destinatarias. (Ata 5 puntos)

c) Garantías de viabilidade e coherencia interna do proxecto (de 0 a 10).

- Que ofrezan garantías de viabilidade e sostibilidade técnica, económica e social, especialmente a través da capacidade da contraparte local no país beneficiario para cumprir os obxectivos previstos. (Ata 5 puntos)

- Claridade e rigor na presentación e redacción do proxecto. Valorarase a claridade de obxectivos e da metodoloxía proposta para acadalos. Rigoroso detalle orzamentario. (Ata 5 puntos)

d) Participación da poboación destinataria e discriminación positiva (0 a 10)

- Que se leven a cabo coa participación directa das persoas beneficiarias na súa elaboración, desenvolvemento e execución. Neste sentido, teranse en conta aqueles proxectos que contribúan ao autodesenvolvemento, a curto e medio prazo e prevexan a súa continuidade con medios materiais e humanos propios. Valorarase a achega local de calquera tipo ao proxecto. A poboación beneficiaria debe estar claramente definida (identificada, cuantificada e caracterizada), establecendo ademais os criterios utilizados para a súa selección e o grao de participación nela nas fases do proxecto para a apropiación do proxecto. (Ata 5 puntos).

- Que contemplan medidas de discriminación positiva cara a sectores de poboación máis desfavorecidos, en particular, infancia, muller, comunidades indíxenas, persoas refuxiadas, desprazadas e retornadas e que contemple a igualdade de oportunidades muller-home (intervencións orientadas á capacitación, asistencia xurídica e dereitos da muller así como a participación da muller nos procesos de toma de decisións). (Ata 5 puntos).

B) A AVALIACIÓN DOS PROXECTOS DE SENSIBILIZACIÓN SOCIAL.

a) Experiencia da ONG solicitante (0 a 10).

- Experiencia no ámbito da sensibilización social. Número de proxectos realizados nos últimos 4 anos. (ata 2 puntos).

-Experiencia no ámbito da sensibilización en Lugo. Número de proxectos realizados nos últimos 4 anos. (ata 3 puntos)

-Presenza da entidade no Concello de Lugo coa localización dunha sede permanente. (se conta con sede obterá 3 puntos, en caso contrario 0 puntos)

- Achega financeira da ONG ao proxecto presentado. (ata 2 puntos).

b) Sostibilidade da intervención (0 a 10).

- Que contemple a capacidade de integrar nas distintas áreas e recursos institucionais (educación, saúde, servizos sociais) medidas de carácter permanente relativas á educación para o desenvolvemento. (ata 4 puntos)

- Que estean dirixidos a colectivos con elevado efecto multiplicador (asociacións cidadáns, colectivos profesionais, educadores...) (ata 3 puntos)

- Que contemplan unha ampla difusión dos contidos das actividades. (ata 3 puntos).

c) Grao de adecuación do proxecto ás prioridades do artigo 2 destas bases (0 a 10)

- Que fomente a participación activa dos cidadáns e dos colectivos destinatarios. (ata 4 puntos).

- Que dean a coñecer a realidade dos países máis desfavorecidos e das causas que xeran a pobreza e que defendan especialmente a situación da infancia, muller, xuventude, persoas indíxenas, refuxiadas e desprazadas. (ata 3 puntos).

- Claridade e rigor na presentación e redacción do proxecto. Rigoroso detalle orzamentario e coherencia del cos obxectivos do proxecto. (ata 3 puntos).

A acta de avaliación deberá recoller a motivación utilizada naqueles criterios que teñan un carácter máis subxectivo.

Unha vez sumada a puntuación obtida por todos os proxectos é preciso calcular o **VALOR PUNTO**. Para isto, divídese a contía total para repartir entre o número total de puntos obtidos polos proxectos correspondentes a cada unha delas.

A contía a outorgar a cada proxecto será a resultante de multiplicar o valor punto polo número de puntos obtidos por estes. Se a cantidade resultante desta operación fose superior á subvención solicitada e subvencionable, concederáselle esta última. O importe sobrante distribuirase con idéntico criterio nun **ÚNICO** prorrateo.

A contía máxima das subvencións concedidas non superará en ningún caso o 90% do custo da actuación proxectada pola entidade solicitante debendo constar, na solicitude, o compromiso de achegar o 10% do orzamento presentado.

As actividades obxecto de subvención poderán ser obxecto de subcontratación nos termos establecidos no artigo 29 da Lei 38/2003 xeral de subvencións.

En todo caso, a contía máxima a outorgar a cada proxecto de sensibilización será de 3.000 €.

ARTIGO 12.- GASTOS SUBVENCIONABLES

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen dentro dos seguintes prazos para cada un dos proxectos:

-Proxectos de sensibilización: entre o 01/01/2022 ata o 30/06/23

-Proxectos de cooperación ao desenvolvemento: entre o 01/01/22 ata o 30/09/23.

Para os efectos desta convocatoria, hai que distinguir entre os gastos subvencionables nos proxectos de cooperación ao desenvolvemento e os gastos subvencionables nos proxectos de sensibilización social.

- GASTOS SUBVENCIONABLES DOS PROXECTOS DE COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO: GASTOS DE INVESTIMENTO

Serán gastos subvencionables os gastos de investimento que a continuación se mencionan:

- **Os estudos técnicos** directamente relacionados co anteprojecto ou proxecto técnico-económico da acción. O importe máximo subvencionable neste concepto non poderá ser superior ao 5% do total do proxecto.

- **Os da man de obra necesaria para a execución das obras, infraestruturas ou investimento.** No referente aos gastos de aloxamento e desprazamento deberá identificarse as persoas usuarias, motivo, lugar e vinculación coa actividade ou programa subvencionado.

- **Os de adquisición de bens e equipamentos inventariables** tales como terreos, construcións, instalacións técnicas, maquinaria, ferramenta, mobiliario, equipos para procesos de información, elementos de transporte. Tamén se inclúen os gastos adicionais que se produzan ata a súa posta en funcionamento: gastos de explanación e derrubamento, transporte, dereitos arancelarios, seguros, montaxe e similares.

B) GASTOS SUBVENCIONABLES DOS PROXECTOS DE SENSIBILIZACIÓN: GASTOS CORRENTES

Serán gastos subvencionables os gastos correntes que a continuación se mencionan:

-Os de persoal adscritos ao funcionamento do proxecto cun límite máximo ata o 40% do importe da subvención concedida.

-Os de arrendamento de bens mobles e inmobles.

-Os gastos de viaxe, desprazamentos e transporte.

-Os de adquisición de material de oficina non inventariable.

-As subministracións de gas, enerxía eléctrica, combustibles, carburantes e comunicacións.

-Os de publicidade, información, difusión, propaganda e reunións directamente relacionados co proxecto.

-Os de funcionamento da acción a nivel local, cando sexan xustificadas quedando excluídos os correspondentes á propia organización local que non sexan imputables á execución do proxecto subvencionado.

-Os gastos asociados á administración da organización solicitante, xestión, supervisión, difusión e sensibilización social da acción, que non excedan do 7% do total dos custos presupostados (custos indirectos).

-En xeral, gastos de escasa entidade e outros gastos diversos.

En todo caso as facturas que se acheguen aos efectos de xustificar o importe da subvención concedida e referentes a gastos de combustible ou teléfono deberán ser identificadas a nome da entidade beneficiaria da subvención. No suposto de combustible deberá presentarse documentación que permita a identificación do vehículo así como a súa titularidade pola asociación ou entidade beneficiaria, a vinculación coa actividade subvencionada e a aplicación, íntegra ou parcial, do gasto á actividade ou programa subvencionado.

No referente aos gastos de aloxamento e desprazamento deberá identificarse persoas usuarias, motivo, lugar e vinculación coa actividade ou programa subvencionado.

A entidade beneficiaria non poderá xustificar o importe da subvención concedida mediante xustificantes de taxas municipais (auga) ou calquera outro tributo.

ARTIGO 13.- PRAZO DE REALIZACIÓN

As subvencións poderán outorgarse tanto a proxectos xa iniciados como aos que estean pendentes de realización. Nos proxectos iniciados os comprobantes de gasto que no seu momento se presenten deberán corresponder co ano da convocatoria.

Nos proxectos de cooperación ao desenvolvemento que non estean iniciados deberán iniciarse no prazo máximo de tres meses a partir da recepción do acordo de concesión da correspondente subvención.

ARTIGO 14.- COMPATIBILIDADES

As subvencións que se outorguen ao abeiro desta convocatoria serán compatibles con outras para o mesmo fin sen que en ningún caso o importe total subvencionado poida superar o 90% do custo da actividade. O 10% do gasto total do proxecto presentado deberá ser financiado exclusivamente pola entidade, contraparte local e/ou os/as beneficiarios/as.

No caso de existir sobrefinanciamento, a entidade beneficiaria deberá proceder ao reintegro da contía concedida polo Concello de Lugo na cantidade que exceda do custo da actividade.

ARTIGO 15.- MODIFICACIÓN DO CONTIDO DO PROXECTO

Unha vez recaída a resolución de concesión, a entidade beneficiaria poderá solicitar a modificación do contido do proxecto sempre que responda a causas sobrevidas debidamente xustificadas e se cumpran de xeito acumulativo os seguintes requisitos:

- Non puideran terse en conta no momento da presentación deste.
- Respecten o seu contido esencial aínda que alteren a súa realización nalgún aspecto.
- Se presenten inmediatamente despois de producidas e coñecidas e, en todo caso, antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.

Será necesaria a autorización previa e expresa do Concello de Lugo para calquera modificación do proxecto. Non se admitirán modificacións substanciais del, entendendo por tales aquelas que afecten aos obxectivos, resultados, poboación beneficiaria, localización territorial e sociolocal.

Tampouco será autorizada unha modificación do proxecto que precise realizar unha nova avaliación del ou supoña unha variación no orzamento inicialmente presentado, pola posible afectación a dereitos recoñecidos de terceiros.

ARTIGO 16.- ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN

A aceptación da subvención concedida por parte das entidades beneficiarias deberá efectuarse expresamente no prazo **de quince días hábiles**, contados dende o día seguinte hábil ao da notificación da súa concesión. Para formular a aceptación será preciso presentar debidamente cumprimentado e por rexistro Xeral do Concello ou nos lugares establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas o Anexo V. **O incumprimento deste requisito implicará a renuncia da subvención.**

ARTIGO 17.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O pagamento da subvención farase nun único pagamento que será efectivo unha vez xustificada a subvención concedida e realizárase mediante transferencia bancaria a conta facilitada polo perceptor da subvención.

ARTIGO 18.- XUSTIFICACIÓN DO GASTO

As entidades beneficiarias deberán presentar a seguinte documentación de acordo co disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, LPACAP, por medios electrónicos, ben a través da sede electrónica (www.lugo.gal) ou a través de calquera dos rexistros electrónicos das administracións públicas segundo o artigo 16.4 a) do mesmo texto legal.

a) **Memoria de actuación** xustificativa e detallada da realización da totalidade do proxecto ou actividade, deberá conter un contido amplo que permita a verificación da realización da totalidade da acción subvencionada. Esta memoria deberá facer expresa mención das actividades realizadas, os resultados obtidos con estas, avaliación dos obxectivos acadados e estado actual do proxecto.

Deberá ir acompañada de actas ou publicacións, reportaxes gráficos ou similares de xeral difusión (folletos, carteis, libros, vídeos, CD-ROM, etc.), que se editasen ou publicasen en relación coa acción subvencionada.

b) **Memoria económica** xustificativa do custo das accións desenvolvidas que deberá conter a certificación acreditativa da relación de todos os gastos e investimentos da actividade con identificación do/a acredor/a e do documento, o seu importe, data de emisión e de pagamento así como relación doutros ingresos e subvencións que financiara a actividade subvencionada con indicación do seu importe e procedencia. No caso de existir desviacións económicas entre o orzamento inicialmente presentado, orzamentado e avaliado e orzamento realmente executado, deberase achegar un informe xustificativo das devanditas desviacións.

c) Certificación acreditativa dos seguintes aspectos:

c1- Relación de todos os gastos e investimentos realizados na actividade e/ou proxecto segundo o seguinte detalle:

Núm. orde	Núm. factura	Data de emisión	Concepto	Acredor/a	Importe	Data pagamento

CUSTO TOTAL DO PROXECTO

- Importe do orzamento presentado no seu día: €

- Importe do orzamento realmente executado: €

SI existe a desviación de €

NON existe unha desviación ningunha.

En caso afirmativo informe xustificativo das desviacións.

-

-

c2 Relación das facturas presentadas no Concello de Lugo para xustificar a subvención, segundo o seguinte detalle:

Núm. orde	Núm. factura	Data de emisión	Concepto	Acredor/a	Importe	Data pagamento

TOTAL

C3 Relación de facturas presentadas no Concello de Lugo para xustificar o 10% do gasto do proxecto presentado e orzamentado no seu día, segundo o seguinte detalle:

Núm. orde	Núm. factura	Data de emisión	Concepto	Acredor/a	Importe	Data pagamento

TOTAL

d) **Facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa** de conformidade coas bases de execución do presuposto e R.d. 1496/2003, do 28 de novembro, do Ministerio de Economía e Facenda.

As entidades beneficiarias deberán xustificar con facturas orixinais o gasto correspondente ao importe da subvención concedida polo Concello de Lugo, máis o 10% do gasto do orzamento presentado no seu día que deberá ser asumido pola entidade subvencionada. No suposto de desviación con relación ao orzamento presentado coa solicitude, deberá xustificar motivadamente as causas que motivaron esa desviación e, minorarase de xeito proporcional a subvención a pagar cando o orzamento executado non acade o 75% do orzamento inicialmente presentado.

As facturas deberán conter un desglose dos artigos subministrados, servizos prestados incluíndo os prezos descompostos. Non poderán pagarse en efectivo as operacións nas que algunha das partes intervintes actúe en calidade de empresario ou profesional cun importe igual ou superior a 1.000€ ou o seu contravalor en moeda estranxeira.

No caso de recibos a nomes de persoas ou outros documentos de valor probatorio deberán vir acompañados da acreditación documental do perceptor das cantidades e dos servizos ou traballos realizados, igualmente deberán acompañarse de ser posible de actas, publicacións ou similares xustificativas das cantidades satisfeitas e perceptores das mesmas. No caso de que estas cantidades superen os 300 € deberán xustificar o cumprimento da normativa tributaria.

As entidades beneficiarias deberán conservar durante os catro anos seguintes ao de xustificación da subvención os documentos xustificativos da aplicación dos fondos, libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á entidade beneficiaria en cada caso co obxecto de facilitar as actuacións de comprobación e control que no exercicio do control financeiro e segundo a planificación acordados pola Intervención Xeral Municipal se decida levar a cabo, de ser o caso. Para tal efecto, a entidade beneficiaria someterase ás actuacións de comprobación que a Intervención Xeral decida realizar.

e) **Declaración responsable** segundo modelo que figura no ANEXO IV destas bases acreditativa dos seguintes aspectos:

- As subvencións ou axudas recibidas para o mesmo proxecto desta ou doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras.
- Que a realización da acción para a que se concede a subvención se efectuou nos termos establecidos no proxecto presentado, orzamentado e avaliado, no seu día.
- Que esta entidade está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á Axencia Estatal da Administración Tributaria, Delegación de Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia, Tesourería Territorial da Seguridade Social e Concello de Lugo, respectivamente.
- Que as facturas que se presentan coa finalidade de xustificar o gasto:
 - Non foron nin serán presentadas -na porcentaxe subvencionada polo Concello de Lugo- como xustificación de ningunha outra subvención pública ou privada.
 - Non inclúen impostos indirectos susceptibles de recuperación ou compensación.
 - Conteñen gastos que xa foron aboados á persoa e/ou entidade debedora.

Se o proxecto non se levase a cabo ou se modificase substancialmente sen a autorización municipal ou non se xustificase na forma sinalada nestas bases, iniciárase expediente de anulación do compromiso así como o reintegro das contías percibidas.

A esta contía haberá que engadirle os xuros de demora que regulamentariamente procedan e que se liquidarán calculados dende a data de pagamento ata a de reintegro.

O incumprimento do estipulado nestas bases determinará a inhabilitación para a percepción de novas axudas e/ou subvencións durante o exercicio económico seguinte, sen prexuízo das accións legais pertinentes.

ARTIGO 19.- OBRIGAS DAS ENTIDADES BENEFICIARIAS

Serán obrigas das entidades beneficiarias as sinaladas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as do artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no artigo 11 da Ordenanza municipal de subvencións.

A maiores, as entidades beneficiarias estarán obrigadas ao cumprimento do seguinte:

- A presentación da programación das actuacións, así como a publicidade, a difusión, o soporte informático, as publicacións, etc., das actividades de sensibilización social que se realicen no Concello de Lugo deberán figurar en idioma galego.
- Non modificar a programación das actividades que se subvencionen sen coñecemento e autorización expresa e previa do Concello.
- Facer constar na publicidade, difusión, publicacións, etc., que as actividades están subvencionadas polo Concello de Lugo. Para estes efectos, engadirase o logotipo do Concello de Lugo en carteis, dípticos, folletos e calquera tipo de actividade de difusión ou publicidade.
- Comunicarlle ao Concello de Lugo con suficiente antelación a realización das actividades de sensibilización social para o seu coñecemento e, de ser o caso, para a participación de responsables municipais.
- Comunicar calquera eventualidade que altere ou dificulte o desenvolvemento do proxecto subvencionado.

ARTIGO 20.- DATA LÍMITE PARA XUSTIFICAR

A data límite para xustificar a totalidade da subvención concedida será **o 30 de xuño de 2023** no referente aos proxectos de sensibilización **e o 30 de setembro de 2023** no referente aos proxectos de cooperación.

Transcorrido este prazo, pódense dar dous supostos:

- a) Que a entidade beneficiaria presente a xustificación, pero que esta, a xuízo da oficina xestora, non reúna os requisitos esixidos. Desta circunstancia daráselle coñecemento á entidade beneficiaria e concederáselle un prazo de dez días para a súa emenda, rectificación ou o que proceda no suposto concreto.
- b) Que a entidade beneficiaria non presente a xustificación. Neste suposto requiriráselle para que, no prazo improrrogable de 15 días hábiles, presente a dita xustificación conforme o establecido no artigo 70. 3 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá a entidade beneficiaria da imposición das sancións que correspondan.

ARTIGO 21.- RÉXIME DE INFRACCIÓN E SANCIÓN

O réxime de infraccións e sancións así como o procedemento sancionador será o establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

As infraccións en materia das subvencións obxecto desta convocatoria sancionaranse mediante a imposición de sancións pecuniarias, que consistirán nunha diminución proporcional que se aplicará sobre a cantidade non xustificada.

Graduación das sancións pecuniarias:

<u>Tipo de infracción.</u>	<u>Porcentaxe de minoración da contía da subvención concedida.</u>
Leves	60 %
Graves	80 %
Moi graves	100 %

ANEXOS: I, II , III, IV e V

ANEXO I

 Concello de Lugo
SOLICITUDE DE SUBVENCÍONS PARA PROXECTOS DE COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO E SENSIBILIZACIÓN SOCIAL. (EXERCICIO ECONÓMICO 2022)

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME e APELIDOS:		NIF/NIE:	
ENDEREZO:		CONCELLO:	
PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:	TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:
<input type="checkbox"/> Autorizo ao Concello de Lugo para que me informe mediante SMS ou correo electrónico do estado desta solicitude así como doutro tipo de avisos relacionados que me poidan resultar de interese.			

ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

ENDEREZO:		
CONCELLO:	PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:

DATOS DA ASOCIACIÓN/ENTIDADE

NOME:		N.º REGISTRO DA ONG:	
ENDEREZO SOCIAL:		CONCELLO:	
PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:	TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:
CARGO DA PERSOA SOLICITANTE:			

SOLICITA:

A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN POR UN IMPORTE DE PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO DE:

- COOPERACIÓN SENSIBILIZACIÓN

De optar ás dúas convocatorias deberá cumprimentar unha solicitude para cada proxecto.

TÍTULO:

- Acepto o compromiso de destinar a subvención que se conceda á execución do proxecto, obxectivo ou actividade solicitada así como as condicións e obrigas establecidas nas bases que rexen a convocatoria da subvención do exercicio 2022.
- Comprométome a achegar o 10% do gasto total orzamentado con cargo á ONG solicitante, a contraparte local, e /ou as persoas beneficiarias.
- Declaración responsable de que a entidade que represento se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas fronte á Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Delegación de Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia, á Tesourería Territorial da Seguridade Social e co Concello de Lugo, respectivamente.
- Autorizo expresamente ao Concello de Lugo a comprobar das diferentes administracións públicas ou entidades privadas a verificación dos datos e informacións declaradas.

Lugo,..... de de

A PERSOA SOLICITANTE

(DNI da persoa solicitante e selo da asociación/entidade)

NOTA: verifique a documentación que debe achegar xunto con esta solicitude, segundo o definido na convocatoria

Xúntase a esta solicitude a documentación sinalada que se presentará de acordo cos modelos dos ANEXOS.

DOCUMENTACIÓN XERAL:

- Fotocopia do DNI da persoa solicitante.
- Copia do documento acreditativo da representación que ten a persoa solicitante na entidade ou asociación.
- Fotocopia do NIF /CIF da asociación, fundación ou entidade que representa.
- Documentación acreditativa de ter sede en Galicia.
- Copia completa dos estatutos ou documentos acreditativos da personalidade xurídica da entidade.
- Acreditación de inscrición no Rexistro no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento.
- Declaración responsable de non estar inhabilitado/a ou incurso/a en prohibición (ANEXO II).
- Proxecto subvencionado (ANEXO III).
- Certificación dos datos bancarios.
- Certificación acreditativa:
 - Do número de socias e socios en Galicia.
 - Compromiso de manter aberta a sede en Galicia durante polo menos un ano dende a finalización do proxecto.
- Carta de compromiso de participación no proxecto por parte da contraparte local, asinada pola persoa que posúa a representación legal da entidade.

ANEXO IIMODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA OS EFECTOS DE SOLICITAR SUBVENCIÓN

D./D.^a _____, provisto/a do NIF n.º _____, en
 calidade de (persoa que exerce a presidencia ou secretaría) da
 ONG _____, con enderezo social en
 _____ de Lugo, e con CIF n.º

DECLARO QUE:

1.- Esta entidade (si ou non) solicitou e recibiu subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou entidades privadas, nacionais ou internacionais, para a mesma finalidade.

- a) SI *
- b) NON

*A día de hoxe e referidas ao exercicio económico de 2022, esta entidade solicitou/recibiu outra subvención (indicar procedencia e contía) por parte de:

2.- A acción, proxecto, obxectivo ou programa para o que se solicita subvención vaise efectuar nos termos establecidos no proxecto da actividade ou programa que se presenta.

3.- Esta entidade está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Territorial da Seguridade Social e ao Concello de Lugo, respectivamente. No momento de xustificar a subvención, esta declaración responsable será substituída pola presentación das certificacións acreditativas de estar ao corrente no cumprimento das obrigas fiscais fronte ás administracións antes relacionadas.

4.- Esta entidade non se atopa inhabilitada nin está incurso en ningunha das causas de prohibición sinaladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións para obter a condición de beneficiaria da subvención.

5.- Que o persoal que desenvolve as súas funcións nesta entidade non ten relación laboral ningunha co Concello de Lugo.

Lugo, ____ de _____ de 2022

(DNI, sinatura e selo da entidade)

Asdo.:-----

ANEXO III

- PROXECTO PARA A COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO (SI/NON).

- PROXECTO PARA SENSIBILIZACIÓN SOCIAL (SI/NON)

DENOMINACIÓN DO PROXECTO _____

A.- DATOS DA ONG SOLICITANTE:

- 1.- Denominación.
- 2.- CIF.
- 3.- Enderezo da sede ou delegación en Lugo, código postal, teléfono, fax e e-mail.
- 4.- Ano de constitución da ONG.
- 5.- N.º de socias e socios en: España Galicia..... Lugo.....
- 6.- Cotas recadadas no Concello de Lugo (determinar a contía económica).
- 7.- Área de actuación.
- 8.- Nome e apelidos da persoa representante legal.
- 9.- Nome e apelidos da persoa de contacto.

B.- DATOS DA ONG CONTRAPARTE (só nos proxectos de cooperación):

- 1.- Nome da persoa responsable do proxecto_____
- 2.- Cargo:_____
- 3.-Entidade:_____
- 4.- Enderezo:_____
- 5.- Teléfono:_____

6.- ¿ Mantivéronse colaboracións previas con ela?

- c) SI
- d) NON

7.- Breve descripción:

8.- Outros datos de interese:

C.- EXPERIENCIA NO ÁMBITO DA COOPERACIÓN (identificación dos proxectos nos que participa ou participou especialmente nos últimos 4 anos con indicación das áreas de desenvolvemento e localización xeográfica).

D.- EXPERIENCIA NO ÁMBITO DA SENSIBILIZACIÓN NO CONCELLO DE LUGO (identificación dos proxectos nos que participa ou participou especialmente nos últimos catro anos con indicación do lugar de desenvolvemento).

E.- DATOS DE IDENTIFICACIÓN E DESCRICIÓN DO PROXECTO DE COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO

- IDENTIFICACIÓN DO PROXECTO:

- 1.- Título.
- 2.- Localización xeográfica.
- 3.- Poboación destinataria- beneficiaria.
- 4.- Área/s de actuación (saúde, servizos sociais, autoabastecemento, vivenda...)
- 5.- Breve descrición xeral do proxecto.
- 6.- Duración do proxecto (data de inicio e de finalización e, se é o caso, fases de execución).

- ANTECEDENTES, CONTEXTO E XUSTIFICACIÓN:

- 1.- Antecedentes e xustificación da necesidade do proxecto (descrición do contorno xurídico e factores sociais e de desenvolvemento)
- 2.- Participación das persoas beneficiarias: criterios de selección e procedemento de participación (só nos casos de proxectos de cooperación).
- 3.- Participación da muller.
- 4.- É parte dun plan ou programa máis global? En caso afirmativo, breve descrición xeral deste.

- EXECUCIÓN:

- 1.- Recursos técnicos e materias de que se dispón.
- 2.- Recursos humanos: cualificación, número e forma de organización.
- 3.- Seguemento e avaliación (accións de seguemento previstas, indicadores de resultados e instrumentos de avaliación).
- 4.- Medidas de difusión (soportes escritos e/ou audiovisuais que se achegan para a realización da actividade).

- OBXECTIVOS E RESULTADOS ESPERADOS:

- 1.- Obxectivos a curto prazo
- 2.- Obxectivos a longo prazo
- 3.- Resultados esperados e distribución temporal se os houberse.
- 4.- Impacto social e ambiental da acción.
- 5.- Outros datos de interese para os efectos de facilitar a avaliación dos proxectos.

-VIABILIDADE:

- 1.- Viabilidade técnica (execución, xestión e funcionamento, así como continuidade unha vez finalizada a axuda externa).
- 2.- Viabilidade económica (financiamento dos gastos de xestión e funcionamento unha vez finalizada a axuda económica externa).
- 3.- Viabilidade sociocultural (medidas previstas para garantir a aceptación e implantación a longo prazo dos resultados da acción).
- 4.- Actitude das distintas autoridades locais ante o proxecto.

F- DATOS DE IDENTIFICACIÓN E DESCRICIÓN DO PROXECTO PARA A SENSIBILIZACIÓN SOCIAL

- 1.- Título.
- 2.- Persoas destinatarias.
- 3.- Antecedentes e xustificación da necesidade do proxecto.
- 4.- Breve descrición xeral do proxecto.
- 5.- Data de inicio e de finalización.

6.- Obxectivos e resultados esperados.

7.- Recursos técnicos e materias de que se dispón.

8.- Recursos humanos de que se dispón.

9.- Seguemento e avaliación (accións de seguimento previstas, indicadores de resultados e instrumentos de avaliación).

10.- Medidas de difusión (soportes escritos e/ou audiovisuais que se achegan para a realización da actividade)

11.- Outros datos de interese para os efectos de facilitar a avaliación dos proxectos.

G.- ORZAMENTO GLOBAL DETALLADO SEGUNDO O MODELO:

Faise constar que, para os efectos desta convocatoria, se consideran gastos subvencionables:

- Os de investimento nos proxectos de cooperación ao desenvolvemento.
- Os correntes nos proxectos de sensibilización social:, só os correntes.

GASTOS CORRENTES	DESCRICIÓN DO GASTO	TOTAL EUROS
Gastos de persoal		
Arrendamento		
Gastos de viaxes, desprazamentos...		
Subministracións		
Publicidade...		
Gastos de xestión		
Outros		
TOTAL		

GASTOS DE INVESTIMENTO	DESCRICIÓN DO GASTO	TOTAL EUROS
Adquisición/construción de inmobles		
Estudos, proxectos.		
Obras		
Equipamento		
TOTAL		

1.- Identificación do importe solicitado.

2.- Plan de financiamento previsto. Identificación das achegas da contraparte local, ONG solicitante e outras entidades públicas e privadas.

Lugo, ____ de _____ de 2022

(DNI, sinatura e selo da entidade)

ANEXO IVMODELO DE DECLARACIÓN XURADA PARA OS EFECTOS DE XUSTIFICAR A SUBVENCIÓN

D./D.^a _____, provisto/a do NIF n.º _____, en
 calidade de persoa que exerce a presidencia ou secretaría da
 ONG _____, con enderezo social en
 _____ de Lugo e con CIF n.º

DECLARO BAIXO XURAMENTO QUE:

1.- Esta entidade (SI ou NON) recibiu subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, para a mesma finalidade.

- e) SI *
 f) NON

*A día de hoxe esta entidade solicitou/recibiu outra subvención (indicar procedencia e contía) por parte de:

2.- A actividade, proxecto, obxectivo, programa para o que se concedeu subvención efectuouse nos termos establecidos no proxecto da actividade ou programa que se presentou no seu día.

3.- Esta entidade está ao corrente das súas obrigas fiscais fronte á Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Delegación de Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia, á Tesourería Territorial da Seguridade Social e ao Concello de Lugo, respectivamente, tal e como se demostra nas certificacións emitidas polas administracións públicas anteriormente mencionadas, e que se achegan xunto con este documento.

4.- As facturas que se presentan coa finalidade de xustificar o gasto:

- Non foron nin serán presentadas (nas porcentaxes correspondentes ao importe da subvención concedida polo Concello de Lugo e ao 10% do gasto do proxecto orzamentado e presentado no seu día) como xustificación doutra subvención pública ou privada.

- Non inclúen impostos indirectos susceptibles de recuperación ou compensación.
- Conteñen gastos que xa foron aboados á persoa e/ou entidade debedora.

5.- Que o persoal que desenvolve as súas funcións nesta asociación non ten relación laboral ningunha co Concello de Lugo.

Lugo, ____ de _____ de 2022

(DNI, sinatura e selo da entidade)

Asdo.:-----

ANEXO VMODELO DE ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

D./D.^a _____, provisto/a do NIF n.º _____, en
calidade de persoa que exerce a presidencia ou secretaría da
ONG _____, con enderezo social en
_____ de Lugo e con CIF n.º
_____, e ao abeiro do disposto no art. 15 das bases reguladoras da convocatoria, mediante
este escrito presenta DECLARACIÓN DE ACEPTACIÓN da subvención concedida á entidade que represento.

Lugo, _____ de _____ de _____

(DNI, sinatura e selo da entidade)

Asdo.

CUARTO.- Que se proceda á publicación do extracto da convocatoria no BOP e do texto íntegro deste no Boletín Oficial da Provincia (BOP); no Taboleiro de Edictos e na páxina web do Concello de Lugo.

QUINTO.- Contra a devandita resolución, caberá a interposición dos seguintes recursos:

Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo) nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ao da notificación deste acto.

Non obstante o anterior, e con carácter previo, poderase interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, da Lei 39/2015, do 1 de outubro, ante a Xunta de Goberno Local e no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ao da notificación deste acto.

No caso de que se interpuxese o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación do devandito recurso de reposición (artigo 123.2 da Lei 39/2015).

Lugo, 5 de abril de 2022.- O Secretario Xeral da Xunta de Goberno Local, Miguel Fernández Méndez.- A Alcaldesa, Lara Méndez López.

R. 0811

NAVIA DE SUARNA

Anuncio

O Pleno deste Concello, en sesión ordinaria celebrada o día 30 de marzo de 2022, acordou a aprobación provisional das Ordenanzas e Regulamentos que de seguido se relacionan:

- Ordenanza de Acceso ó Servizo de Atención Residencial e Servizo de Atención Diurna no Centro de Atención a Persoas Maiores de Navia de Suarna.
- Ordenanza do Prezo Público da Residencia de Maiores de Navia de Suarna.
- Ordenanza do Prezo Público do Centro de Atención Diurna de Navia de Suarna.
- Regulamentos de Réxime Interno da Residencia e do Centro de Atención Diurna.

E en cumprimento do disposto no artigo 17.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días a contar desde o día seguinte da inserción deste anuncio en o Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. Durante devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes.

Se transcorrido devandito prazo non se presentaron reclamacións, considerarase aprobado definitivamente devandito Acordo.

Navia de Suarna, 5 de abril de 2022.- O alcalde, José Fernández Fernández.

R. 0797

AS NOGAIS

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de 4/04/2022, aprobáronse os Padróns Tributarios das taxas pola prestación do servizo de augas, sumidoiro, lixo e Canon de auga correspondentes ao 1º trimestre do exercicio 2022, o que se notifica aos efectos do seu coñecemento. Fíxase o período de cobro en voluntaria do 5/04/2022 ao 6/06/2022, ambos inclusive. Iníciase o período de exposición ao público polo prazo de 15 días contados a partir do día seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes.

Contra o acto de aprobación do padrón e das liquidacións de tributos municipais incorporadas a este, poderase formular recurso de reposición ante este órgano, no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interpoñerse ambos simultaneamente. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A falta de pagamento do Canon da Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa

ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

As Nogais, 4 de abril de 2022.- O Alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 0783

OUTEIRO DE REI

Anuncio

José Pardo Lombao, Alcalde do Concello de Outeiro de Rei, no exercizo das funcións que me atribúe o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, fago saber que, na sesión plenaria celebrada o día 18 de febreiro de 2022, aprobouse inicialmente a ordenanza municipal reguladora do uso de instalacións deportivas, tralo cal no BOP de Lugo de 28 de febreiro, publicouse o anuncio de información pública de dita aprobación inicial. Transcurrido o prazo de información pública sen que se presentara alegación ou suxerencia algunha, en virtude do disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, enténdese aprobada definitivamente a seguinte

“ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO USO DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

Os poderes públicos conforme ao artigo 43.3 da Constitución Española deben promover a educación física e o deporte, facilitando a adecuada utilización do lecer.

Neste sentido, o artículo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local atribúe aos Concellos a competencia de promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.

Pola súa banda, segundo o artigo 8 da Lei 3/2012, do 2 de abril, de deporte de Galicia,

Os municipios, nos termos que dispón a presente lei, a lexislación de réxime local e a lexislación sectorial do Estado, exercerán no seu correspondente ámbito territorial as seguintes competencias:

1. Fomentar, promover e difundir o deporte, especialmente o deporte en idade escolar.
2. Promover e, no seu caso, executar, no ámbito da súa competencia, os programas xerais do deporte, mediante a coordinación coa Administración autonómica, así como coa colaboración con outros entes locais, federacións deportivas galegas ou outras asociacións deportivas.
3. Construír, xestionar, ampliar e manter as instalacións deportivas de titularidade municipal e, no seu caso, a xestión e mantemento das de titularidade autonómica cuxo uso e xestión sexan lles cedidos, tendo en conta a cualificación adecuada do persoal responsable para esas finalidades.
4. Velar pola plena utilización das instalacións deportivas da súa titularidade, procurar a participación das asociacións deportivas do seu ámbito municipal na optimización do uso destas e coidar as súas condicións de hixiene e seguridade.
5. Fomentar e apoiar a creación de asociacións deportivas no seu ámbito territorial, especialmente nos centros de ensino, barrios e centros de traballo.
6. Procurar que nos plans de ordenación urbanística establézanse as reservas de espazos e cualificacións de zonas para a práctica do deporte, así como a instalación de equipamentos deportivos e levar un censo actualizado no seu ámbito territorial de instalacións deportivas de uso público, tanto de titularidade pública como privada.
7. Autorizar, de conformidade cos requisitos xerais, a realización de actividades deportivas fose das instalacións deportivas e en patrimonio público municipal.
8. Organizar campionatos e eventos deportivos de carácter local.
9. Calquera outra actuación que redunde en beneficio do desenvolvemento deportivo local ou que lles poida ser atribuída legal ou regulamentariamente e que contribúa aos fins ou obxectivos da presente lei.
- 10.-Os concellos de máis de 5.000 habitantes contarán cunha área de deportes, que poderá ser mancomunada, para contribuír a levar a actividade físico-deportiva a toda a cidadanía e garantir o pleno aproveitamento social das instalacións.

Por todo iso, e en cumprimento das citadas competencias, constitúe o obxecto da presente ordenanza a regulación do réxime de utilización e xestión das distintas instalacións deportivas municipais, garantindo os dereitos dos usuarios e establecendo as necesarias obrigacións ou deberes destes.

A necesidade de manter en perfecto estado o patrimonio deportivo municipal, a introdución de normas básicas de respecto e convivencia no seu interior e o interese por utilizar responsablemente os recursos públicos son argumentos que motivan o impulso desta ordenanza.

Estes argumentos xustifican o interese que a súa redacción implica para os cidadáns, interesados no bo funcionamento da administración local.

TITULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Obxecto da Ordenanza.

A presente norma ten por obxecto establecer o réxime de solicitude, uso e acceso ás instalacións deportivas municipais do Concello de Outeiro de Rei de acordo aos fins para os que foron construídas e aos obxectivos municipais en materia deportiva, entre os que se atopan xeneralizar a práctica deportiva entre a poboación, compartindo os usos das instalacións deportivas entre os cidadáns particulares, as asociacións, entidades privadas e clubs deportivos.

Artigo 2. Ámbito de aplicación.

A Ordenanza ten por obxecto regular o réxime xurídico, xestión, uso e utilización das instalacións deportivas titularidade do Concello de Outeiro de Rei.

A presente norma será de aplicación á totalidade das instalacións deportivas municipais nos termos establecidos no artigo terceiro.

Artigo 3. Concepto de Instalación Deportiva.

Enténdese por instalación deportiva, para os efectos desta Ordenanza, toda instalación, campo, dependencia ou espazo, de calquera característica, tanto ao aire libre como cuberta, pechada como aberta, dedicada á práctica do deporte e a actividade física, en toda a súa gama de modalidades, posibilidades ou finalidades, incluíndo as zonas de equipamento, complementarias ou funcionalmente necesarias para o desenvolvemento da actividade deportiva.

Artigo 4. Instalacións Deportivas Municipais.

As instalacións deportivas cuxo titular sexa o Concello de Outeiro de Rei, terán a consideración de instalacións deportivas municipais.

Poderán ter a condición de instalacións deportivas municipais aquelas cedidas por calquera título xurídico ao Concello de Outeiro de Rei para a súa xestión ou explotación, así como as propias desta entidade cedidas a calquera organismo, club ou particular. Estas instalacións rexeranse polo establecido na presente Ordenanza salvo que o instrumento de cesión establece un réxime propio de xestión ou explotación.

Artigo 5. Cualificación xurídica dos bens destinados ao servizo público de deportes.

1. De conformidade co establecido na normativa sobre bens das Entidades Locais, as instalacións deportivas municipais terán a cualificación de bens de dominio público, afectos ao uso público ou a prestación do servizo público do deporte.
2. Teñen a mesma cualificación, os bens mobles afectados de forma permanente a calquera instalación deportiva municipal, tanto daqueles destinados especificamente á práctica deportiva como daqueles outros destinados ao mantemento das instalacións e equipamentos.

Artigo 6. Uso das instalacións.

1. Nos termos previstos na presente Ordenanza, as instalacións deportivas municipais teñen como fin a práctica física e deportiva, xa sexa de lecer e tempo libre, ensino, adestramento, competición ou exhibición das modalidades para as que foron deseñadas, ou daquelas outras cuxas características permitan un uso compatible das mesmas, previa autorización expresa do Concello de Outeiro de Rei.
2. Mediante autorización municipal previa poderanse acoller actos deportivos distintos dos establecidos no apartado anterior, así como actividades culturais ou sociais. Dita autorización terá carácter discrecional, segundo dispoñibilidade e cuxo exercicio resulte tecnicamente posible.

Artículo 7. Acceso ás instalacións deportivas.

1. As instalacións deportivas municipais son de acceso libre para todos os veciños do Concello de Outeiro de Rei, sen outras limitacións que as establecidas nas leis ou nesta Ordenanza, as propias do uso ao que están destinadas e ao pago – no seu caso- das taxas en vigor para a actividade de que se trate.

Por conseguinte, abranse ao público para a práctica deportiva, o lecer, o desenvolvemento de programas de promoción, iniciación, adestramento ou competición deportiva, teñan ou non carácter municipal, estando para iso ao dispor de cantas federacións, clubs e demais figuras asociativas dentro do deporte, centros docentes e en xeral as persoas físicas ou xurídicas que concierten ou accedan puntualmente á súa utilización nas condicións reguladas por medio de Ordenanza.

2. Os horarios de apertura e peche estarán expostos en lugar visible da instalación para información de todos os usuarios, procurándose en todo momento o maior horario posible que permita a súa máxima rendibilidade deportiva e social.

Artigo 8. Usuarios.

1. A efectos da presente Ordenanza, enténdese por usuarios das instalacións deportivas municipais toda persoa física ou xurídica que utilicen estas, ben participando en programas deportivos programados, ben participando como cesionario dos devanditos espazos deportivos.
2. Os acompañantes e espectadores terán a consideración de usuarios pasivos, aplicándose estas normas ata onde poida chegar a súa responsabilidade durante a súa estancia na instalación.

Artigo 9. Dereitos dos usuarios.

Os usuarios das instalacións deportivas, con carácter xeral terán os seguintes dereitos, sen prexuízo dos recoñecidos de acordo coa normativa vixente nas súas relacións coas Administracións Públicas:

- a) Ser tratados con respecto e deferencia polo persoal que presta os seus servizos na instalación deportiva, podendo en todo momento solicitar a súa identificación.
- b) Usar e gozar, de acordo ás normas de uso establecidas e previo pago da taxa vixente, de todos os servizos que preste a instalación.
- c) Gozar das instalacións, o mobiliario e o equipamento deportivo en boas condicións de uso.
- d) Presentar as queixas, suxerencias ou reclamacións que estimen convenientes por escrito nas follas dispoñibles das instalacións ou nas propias oficinas municipais.
- e) Ser informado sobre as condicións de uso da Instalacións Deportivas Municipais, así como sobre os programas deportivos ofertados nelas.
- f) Formular as suxerencias que considere oportunas para a mellora da xestión das instalacións deportivas municipais, así como as reclamacións que estime en relación co funcionamento das mesmas.
- g) Calquera outros dereitos recoñecidos pola lexislación vixente e na presente Ordenanza

Artigo 10. Obrigas dos usuarios.

1.- Son obrigas dos usuarios:

- a) Facer uso das instalacións e espazos deportivos de acordo coas normas xerais establecidas nesta Ordenanza ou as específicas que rexan a actividade ou uso do espazo deportivo e, no seu caso, das instrucións dadas polo persoal da instalación, responsabilizándose de calquera danos que causen nas mesmas.
- b) Gardar o debido respecto aos demais usuarios e ao persoal das instalacións deportivas.
- c) Abonar as taxas establecidas pola utilización das instalacións deportivas ou polos servizos correspondentes, nos termos establecidos por medio de Ordenanza e nas Ordenanzas Fiscais.
- d) Ir provisto no seu caso, do recibo ou documento acreditativo do pago e do documento identificativo correspondente para acreditar a súa condición de usuario, non podendo cedelo ou transmitilo a un terceiro, e presentar dita documentación cando sexa requirido para o efecto polo persoal municipal ou polo persoal da empresa concesionaria.
- e) Acceder ás instalacións e espazos deportivos coa indumentaria deportiva adecuada, observándose especialmente a necesidade de calzado idóneo para os distintos pavimentos.

2.- Corresponderá á entidade usuaria solicitar e obter das autoridades competentes as autorizacións preceptivas esixibles, así como estar en posesión dos preceptivos seguros de accidentes para as devanditas actividades recreativas, en aplicación do disposto na lexislación vixente.

Así mesmo, as persoas xurídicas que utilicen as instalacións serán responsables de cumprir a normativa vixente en materia laboral e tributaria.

Neste sentido, o concello poderá solicitar documentación acreditativa do cumprimento das devanditas obrigacións, especialmente cando as actividades desenvolvidas na instalación pública supoñan a prestación dun servizo por parte da entidade privada ou o desenvolvemento dunha actividade económica.

3.- Cando os usuarios realicen actuacións que contraveñan as normas contidas na presente Ordenanza ou non atendan ás indicacións dos responsables das instalacións poderán ser inmediatamente expulsados das mesmas, sen prexuízo das sancións que correspondan en aplicación da presente Ordenanza.

Artigo 11. Prohibicións xerais.

Para a adecuada ordenación da convivencia e uso de infraestruturas, equipamentos e instalacións deportivas, e sen prexuízo das normas particulares establecidas para cada espazo deportivo, con carácter xeral non esta permitido en ningún caso:

- a) Fumar nas instalacións deportivas ou elementos anexos, salvo en zonas que a normativa estatal ou autonómica autorice.
- b) Introducir utensilios ou envases de vidro en instalacións, recintos deportivos e os seus anexos.
- c) O acceso de animais nas instalacións deportivas municipais, fóra dos que sirvan de guía a invidentes ou para a realización de actos para os cales se atope expresamente autorizado o uso ou asistencia de animais.
- d) A entrada de patíns, monopatinos, bicicletas ou calquera outro vehículo salvo nos lugares autorizados ou destinados a tal fin.
- e) Xogar e/ou efectuar quecementos con balóns, pelotas ou outros obxectos en vestiarios, corredores de acceso a pistas, bancadas, zonas axardinadas e todos aqueles espazos que non se consideren deportivos.
- f) Consumir alimentos cando produzan desperdicios no terreo de xogo tales como pipas, cacahuetes etc.
- g) Utilizar a instalación deportiva co fin de impartir clases coa finalidade de obter un beneficio particular ou outras actividades colectivas organizadas sen a previa autorización municipal.
- h) Utilizar as instalacións deportivas municipais ou calquera dos seus elementos para un uso distinto daquel para o que están concibidos.
- i) Realizar calquera tipo de actos que poidan ocasionar danos ás instalacións deportivas municipais ou a calquera dos seus elementos.
- j) Introducir mesas, cadeiras, antucas, tumbonas e calquera outro mobiliario.
- k) Introducir ou exhibir pancartas, símbolos, emblemas ou lendas que, polo seu contido ou polas circunstancias nas que se exhiban ou utilicen poida ser considerado como un acto que incite ou fomente os comportamentos violentos, xenófobos, racistas, ou como un acto de manifesto desprezo aos participantes na actividade deportiva.
- l) Introducir armas, bengalas, petardos explosivos ou calquera produto inflamable, fumígeno ou corrosivo.
- m) Acender lume.
- n) Realizar reportaxes fotográficas ou de vídeo, sen autorización expresa.
- o) Cualesquier outra conduta que atente contra a boa orde e a convivencia dentro da instalación deportiva.
- p) Comportamentos ou condutas que poidan considerarse violentos, racistas ou xenófobos, de conformidade co disposto na lexislación contra a violencia, o racismo, a xenofobia e a intolerancia no deporte.

Artigo 12. Responsabilidade dos usuarios.

1. Os usuarios serán responsables dos danos que causen nos espazos deportivos, e restantes bens, elementos e material de que dispoñen as instalacións deportivas, incluídas as plantas, árbores, céspede, e demais elementos anejos, debendo satisfacer os gastos que orixine a súa reparación ou reposición, sen prexuízo da sanción que poida derivarse da infracción cometida.
2. O usuario das instalacións deportivas será responsable dos accidentes ou danos derivados do incumprimento da presente norma, un comportamento negligente ou mal uso das instalacións, equipamentos e servizos. Así mesmo será responsable do coidado dos seus obxectos persoais non responsabilizándose o concello da perda ou subtracción de obxectos pertencentes aos usuarios, que se produza nas instalacións deportivas municipais, salvo que se entregaran en depósito.
3. Dos danos ocasionados nas instalacións deportivas ou en zonas ou elementos anejos por parte de escolares, membros de clubs, ou calquera outra persoa integrante das asociacións ou entidades a que se refire o seguinte título, será responsable o centro docente, club, asociación ou entidade á que se concedeu a autorización de uso das instalacións.

Así mesmo estas entidades serán responsables dos danos persoais que poidan producirse durante o desenvolvemento das actividades deportivas, debendo dispoñer do correspondente seguro de responsabilidade civil.

4. Dos danos ocasionados polos usuarios menores de idade serán responsables os pais, tutores ou persoas que os teñan baixo a súa custodia. De igual forma establecerase a responsabilidade respecto das persoas que se atopen incapacitadas.

Artigo 13. Autorización de uso.

1. O uso de instalacións deportivas municipais, esixirá previa autorización municipal nos termos sinalados nos artigos seguintes, salvo que se trate de actividades organizadas polo propio Concello.

Na autorización de uso estableceranse as condicións específicas de uso da instalación, de acordo coa normativa específica da actividade para desenvolver e concederanse, no seu caso, con carácter discrecional atendendo á dispoñibilidade da instalación de que se trate.

2. O uso das instalacións terán como finalidade a práctica deportiva, ben libremente ou no marco de programas de promoción, iniciación, ensino, ou adestramento, ou de competicións ou exhibicións das modalidades deportivas para as que foron deseñadas.
3. Excepcionalmente, ditas instalacións poderán acoller, previa autorización municipal, actos deportivos distintos dos establecidos no apartado anterior, así como actividades non deportivas que teñan unha finalidade cultural ou social, organizada polo Concello ou outras entidades.
4. As autorizacións outorgaranse de conformidade cos criterios técnicos establecidos polo Servizo Municipal de Deportes e extinguíranse ao cumprirse o prazo establecido, quedando sen efecto por incumprimento das obrigacións xerais establecidas nesta Ordenanza ou polas particulares establecidas no acto de autorización.

Así mesmo, poderán ser modificadas ou revogadas en calquera momento por razóns de seguridade, climatolóxicas, de reparación imprevista de instalacións ou outras circunstancias que poidan ocasionar danos persoais ou materiais ou en xeral por razóns de interese público, sen xerar dereito a indemnización.

5. As autorizacións de uso das instalacións teñen carácter persoal, polo que o seu titular non poderá cedela ou transmitila a un terceiro.

Artigo 14. Uso das instalacións por período longo.

1. A natureza da relación xurídica que vinculará ao terceiro que promova o desenvolvemento de actividades non lucrativas nas instalacións deportivas e ao Concello de Outeiro de Rei será a dunha licenza ou autorización demanial para a ocupación do espazo público, que se outorgará en todo caso a título de precario, salvo os espazos destinados ao uso común xeneral que serán de libre uso sen necesidade dun título xurídico habilitante para o efecto.
2. Dita licenza ou autorización demanial rexerá en defecto do establecido na presente Ordenanza, pola normativa patrimonial aplicable así como polas restantes Ordenanzas Municipais e lexislación sectorial que por razón do seu obxecto, resúltelle de aplicación.

Artigo 15. Solicitudes de uso das instalacións.

Os servizos municipais facilitarán modelos de solicitude de uso das instalacións, nos cales se indicará a documentación para acompañar, coa antelación establecida en cada caso. Cando as actividades pretendan desenvolverse de maneira estable ao longo de todo o ano ou curso escolar, as solicitudes deberán presentarse entre os días 1 de Xuño e 10 de Setembro de cada ano.

Ditas solicitudes deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

- En caso de tratarse dun persoa física copia do Documento Nacional de Identidade
- En caso de tratarse de persoas xurídicas, deberán acompañar copia dos Estatutos, así como un certificado ou documento público no que se faga constar as persoas físicas que ostentan a representación da entidade, acompañando copia dos seus DNI.
- Memoria descritiva da actividade a que pretenda destinarse a instalación solicitada detallando:
- Calendario en que pretende desenvolverse a actividade: número de meses, número de días, número de horas,...
- Número máximo de destinatarios ou participantes e perfil dos mesmos. Este número non poderá superar en ningún caso o aforo da instalación.
- Identificación da persoa responsable da actividade que se encargará de velar polo cumprimento de horarios e de que o local quede nas debidas condicións para o seu uso por outros beneficiarios.
- No caso de que se esixa aos destinatarios o abono dalgunha cantidade como condición para o acceso á actividade promovida, deberá acompañarse unha Memoria económica na que se detalle as tarifas que pretenden esixirse, así como un Orzamento detallado dos gastos e ingresos que xere o desenvolvemento da actividade.

Artigo 16. Uso das instalacións por usuarios rexistrados en actividades organizadas polo Servizo Municipal de Deportes.

1. O Servizo Municipal de Deportes ofertará anualmente actividades, cursos, escolas deportivas, torneos etc. Este uso terá prioridade fronte a calquera outros de particulares ou asociacións.
2. Para a realización das distintas actividades, será requisito indispensable a inscrición dunha porcentaxe de alumnos igual ou superior ao 50 % das prazas ofertadas. De non alcanzarse devandita porcentaxe, o Servizo Municipal poderá acordar libremente a suspensión ou supresión do curso ou actividade en cuestión, sen outra obrigación que a devolución do importe satisfeito por aquelas.
3. Os alumnos que resulten admitidos nas diferentes actividades, ademais dos dereitos previstos con carácter xeral na presente Ordenanza, terán dereito a asistir ás correspondentes clases ou cursos sempre que se atopen ao corrente no pago das cotas establecidas na Ordenanza.
4. Nas actividades programadas polo Servizo Municipal de Deportes, poderanse establecer normas especiais distintas ás contidas neste artigo, das que deberá informarse aos interesados, antes ou con ocasión da súa inscrición nas mesmas.

Artigo 17. Uso de instalacións por clubs ou asociacións.

1. Os clubs e asociacións deportivas, inscritas como tal no rexistro correspondente, poderán solicitar autorización de uso das instalacións para a totalidade do período que comprenda o desenvolvemento da súa actividade.

As solicitudes deberán presentarse no rexistro xeral municipal acompañando a esta toda a documentación esixible segundo o fixado no artigo 16.

2. As entidades ás que se refire este artigo poderán facer uso das instalacións para a celebración de competicións oficiais. Neste caso as solicitudes deberán presentarse acompañadas do calendario oficial da competición, debidamente expedido e selado pola entidade correspondente, con antelación suficiente respecto a a data na que se pretende a súa utilización.

3. Así mesmo as entidades referidas poderán solicitar o uso das instalacións para outros encontros ou exhibicións deportivas, en horarios que non interrompan o desenvolvemento normal das actividades deportivas dos demais usuarios. Neste caso as solicitudes presentaranse cunha antelación mínima de 6 días hábiles á data na que se pretende a súa utilización.

4. A autorización de uso das instalacións terá carácter discrecional atendendo á dispoñibilidade das mesmas. No caso de denegar a devandita autorización comunicárase ao solicitante mediante resolución motivada.

A orde de prioridade de uso entre os distintos solicitantes, será o fixado atendendo a:

a) Utilidade deportiva ou social do club ou entidade no municipio:

- Número de deportistas participando en competición.
- Número de socios.
- Especificidade do uso ás características das instalacións.
- Categorias deportivas (proxección deportiva e continuidade).
- Implantación social da disciplina.

b) Antigüidade do club ou asociación e traxectoria.

5. Cando as entidades deportivas non vaian facer uso das instalacións nos días autorizados, deberán notificalo por escrito ao Servizo Municipal de Deportes cunha antelación mínima de 3 días hábiles.

6. O incumprimento das condicións da autorización ou das normas previstas na presente Ordenanza poderá dar lugar á súa revogación e, no seu caso, á modificación da orde de prioridade de uso das instalacións entre clubs ou entidades para futuras autorizacións.

Artigo 18. Uso de instalacións deportivas por calquera outra persoa física ou xurídica.

Poderase autorizar o uso das instalacións deportivas municipais, en supostos distintos aos recolleitos nos artigos anteriores, a calquera outra persoa física ou xurídica para a realización de actividades deportivas, nunha data e hora determinada con carácter discrecional, atendendo á dispoñibilidade daquelas e as normas especiais establecidas para cada instalación nesta Ordenanza e os actos ditados en desenvolvemento da mesma.

Artigo 19. Uso de instalacións deportivas para usos non deportivos ou eventos de carácter extraordinario.

1. Excepcionalmente poderá autorizarse o uso das instalacións ou espazos deportivos para actividades non deportivas, correspondendo á entidade solicitante obter das autoridades competentes, as autorizacións preceptivas esixibles, así como estar en posesión de póliza de seguro de Responsabilidade Civil que cubra os danos nas instalacións municipais ou responsabilidades que poidan derivarse da celebración do acto e demais documentación establecida pola normativa aplicable.

2. De igual forma a entidade usuaria encargárase de realizar todos aqueles labores de montaxe dos elementos materiais necesarios para o desenvolvemento da actividade.

3. O acceso de espectadores e acompañantes estará determinado polas características da actividade e da instalación, sendo a entidade organizadora responsable do comportamento dos mesmos e dos eventuais danos que o seu comportamento puidese ocasionar.

4. Os Servizos Municipais poderán esixir á entidade organizadora o depósito dunha fianza cuxa devolución se efectuará previa constatación da inexistencia de danos nas instalacións utilizadas.

Artigo 20. Uso de instalacións para fins con ánimo de lucro.

O uso de instalacións deportivas con fins lucrativos (venta polo miúdo, servizos de hostalaría... etc.) estará sometido a autorización demanial previa. O proceso para seguir será idéntico ao levado a cabo polos clubs e asociacións, solicitando o uso de período longo segundo aparece regulado na presente Ordenanza e no non especificado por esta, atenderase á lexislación aplicable.

En todo caso, os solicitantes deberán incluír na documentación para presentar:

- Memoria económica do servizo para prestar, incluíndo as tarifas para repercutir aos usuarios, custos do servizo, outros ingresos ou subvencións, etc.
- Documentación acreditativa da personalidade do empresario e a súa capacidade de contratar segundo o establecido na lexislación de contratos do sector público.
- Seguro de responsabilidade civil.

TITULO II. NORMAS PARTICULARES DE USO DOS DISTINTOS ESPAZOS DEPORTIVOS

Artigo 21. Pistas polideportivas ao aire libre.

Os usuarios deberán observar as seguintes normas:

- a) Os xogadores deben ir provistos de vestimenta e calzado adecuado.
- b) O acceso e permanencia nas pistas deportivas estará restrinxido aos deportistas, equipo arbitral e persoal técnico autorizado que vaian utilizar a instalación.
- c) Os acompañantes deberán permanecer nas bancadas ou arredores da instalación, sen posibilidade de acceso ás pistas e vestiarios.
- d) Nas pistas deportivas non poderán practicarse outros deportes que os específicos sen o consentimento expreso dos encargados da instalación.
- e) A utilización compartida das pistas cando o permitan as condicións da actividade deportiva a desenvolver, requirirá a oportuna autorización.

Artigo 22. Campos de Fútbol.

Os usuarios deberán observar as seguintes normas:

- a) Soamente permitirase o acceso e permanencia nos espazos deportivos aos deportistas, equipo arbitral e persoal técnico autorizado que vaian utilizar a instalación.
- b) Deberase ir provisto de vestimenta e calzado adecuado, en particular usar botas con tacos de goma, estando prohibida a entrada con botas de tacos de aluminio.
- c) Os acompañantes deberán permanecer nas bancadas ou arredores da instalación, sen posibilidade de acceso ás pistas e vestiarios.
- d) A utilización compartida das pistas cando o permitan as condicións da actividade deportiva a desenvolver, requirirá a oportuna autorización.

Artigo 23. Piscinas.

1. Os menores de 10 anos, non poderán acceder ás piscinas salvo que vaian acompañados dun maior de idade que se responsabilice do seu comportamento e seguridade.
2. Os usuarios de piscina deberán observar as seguintes normas:
 - a) É obrigatorio ducharse antes de introducirse na auga. b) É obrigatorio o uso de roupa de baño.
 - c) Esta prohibido o uso de calzado de rúa nas zonas húmidas das instalacións (praias, zona de baño e duchas), sendo recomendable o uso de chanclas nestas zonas.
 - d) Non está permitido o uso de lentes de mergullo de cristal, aletas, pas, colchóns, balóns ou calquera elemento que poida causar molestia ou resultar perigoso para a integridade do resto de usuarios, salvo actividades organizadas polo Servizo Municipal de Deportes.
 - e) O bañista non debe facer uso da piscina se padece calquera tipo de enfermidade infecto-contaxiosa.
 - f) Non está permitido correr, saltar nin calquera outra actividade ou xogo que poida resultar perigoso ou molesto para o resto de bañistas ou as instalacións.
 - g) Deberanse seguir en todo momento as indicacións do socorrista e do persoal responsable da instalación. todos os puntos de seguro da vía. Non poden manterse ocupadas as vías que non se estean utilizando.
 - h) Calquera anomalía que se observe deberá ser comunicada inmediatamente ao persoal de instalacións para a súa inmediata reparación.

Artigo 24. Ximnasio e sala de musculación.

1. Os usuarios deben ir provistos de roupa deportiva sen estar permitido entrar con bañador ou roupa de rúa.
2. Como medida hixiénica é obrigatorio o uso de toalla nos bancos respaldos ou asentos dos distintos aparellos de musculación.
3. Non se permite facer exercicios co torso espido.
4. O usuario será responsable de uso adecuado dos aparellos, non responsabilizándose o Servizo Municipal do uso indebido destes.

Artigo 25. Pavillóns e salas cubertas.

1. Observaranse as seguintes normas:

- a) Non se permitirá o acceso ao pavillón ou sala con calzado de rúa.
- b) Todo o material deportivo utilizado, deberá ser recollido no lugar asignado.
- c) O acceso e permanencia nas pistas deportivas estará restrinxido aos deportistas, equipo arbitral e persoal técnico autorizado que vaian utilizar a instalación.
- d) Os acompañantes deberán permanecer nas bancadas ou arredores da instalación, sen posibilidade de acceso ás pistas e vestiarios.
- e) Cando a actividade deportiva realícese por menores de idade, será necesario que haxa un monitor ou responsable maior de idade que controle a mesma, sendo este responsable de velar polo cumprimento das normas.
- f) A utilización compartida da instalación cando o permitan as condicións da actividade deportiva a desenvolver, requirirá a oportuna autorización.

Artigo 26. Vestiarios.

En beneficio do bo uso deportivo, comodidade e goce de quen desexa utilizar as instalacións deportivas municipais e, por tanto precisan facer uso dos vestiarios, así como para facilitar a súa imprescindible limpeza e mantemento, son de aplicación as seguintes normas mínimas:

1. É recomendable a utilización de chanclas e demais elementos de aseo de forma persoal.
2. Por razóns de convivencia quedan prohibidos os xogos molestos ou perigosos.
3. Deberá evitarse gardar obxectos de valor nos vestiarios. En ningún caso o concello responsabilizase das subtraccións que poidan producirse.
4. O usuario deberá deixar libre o vestiario e máis as taquillas, retirando os obxectos nelas depositados, unha vez finalizado o seu uso diario.
5. No caso de que non existan vestidos específicos para o efecto, os menores de sete anos poderán acceder ao vestiario do sexo oposto, debidamente acompañados por persoa maior de idade que exerza a patria potestade, tutela ou garda do mesmo, a fin de realizar as funcións de aseo e vestido, de acordo coas normas específicas que a este efecto estableza o Servizo Municipal.

Artículo 27. Instalacións deportivas elementais.

Son instalacións deportivas elementais aqueles espazos abertos, de uso público libre e non suxeito a taxa, situados en zonas de dominio público cuxa titularidade ou xestión corresponda ao Concello de Outeiro de Rei e habilitados para a práctica de actividades deportivas.

As instalacións deportivas elementais quedan sometidas ás normas establecidas nesta Ordenanza e nas Ordenanzas Municipais que sexan de aplicación, sen prexuízo das específicas que se detallan no artigo seguinte.

Artículo 28. Normas específicas para as instalacións deportivas elementais.

En beneficio do bo uso deportivo, comodidade e goce de quen desexa utilizar as instalacións deportivas elementais, así como para facilitar o imprescindible mantemento dos mesmos, son de aplicación as seguintes normas mínimas:

1. As instalacións deportivas elementais destinaranse exclusivamente ás actividades deportivas para as que estean habilitadas.
2. Ao obxecto de previr danos, a actividade deportiva deberá efectuarse con roupa e calzado adecuado.
3. Os usuarios absteranse do uso da instalación se observasen calquera defecto na mesma que puidese ocasionar danos aos usuarios, debendo poñelo en coñecemento inmediato do concello para que proceda á súa reparación.
4. O concello non se fai responsable dos danos derivados dun uso inadecuado ou incorrecto da instalación.
5. En calquera caso as molestias e ruídos xerados nestes espazos públicos deberá manterse dentro dos límites que esixe a convivencia cidadá e o ordenamento xurídico.
6. O usuario das instalacións deportivas será responsable dos accidentes ou danos derivados do incumprimento da presente norma, un comportamento negligente ou mal uso das instalacións, equipamentos e servizos. Así mesmo será responsable do coidado dos seus obxectos persoais non responsabilizándose o concello da perda ou subtracción de pezas e demais obxectos, pertencentes aos usuarios, que se produza nas instalacións deportivas municipais, salvo que se entregaron en depósito.

Artigo 29. Circuito deportivo

1. A actividade do circuito, será supervisada polo persoal autorizado polo Concello de Outeiro de Rei a tal efecto. Será ese persoal quen fixe en cada momento a orde de saída a pista dos usuarios. Se ben, como norma xeral, velarase para que se organicen tandas diferentes entre distintas categorías das modalidades que poida haber no mesmo día.

Os usuarios deberán de solicitar o uso das instalación do circuíto segundo os impresos aprobados polo Concello de Outeiro de Rei cunha antelación mínima de 2 días hábiles para rodadas libres organizadas polo Concello, ou no mesmo día no propio circuíto.

2. Vehículos admitidos no circuíto.

No circuíto deportivo de Outeiro de Rei poderán circular os seguintes vehículos:

a) KART: vehículo monopraza, de motor e sen teito. Carece de suspensións pero se ten elementos de carrozaría. Conta con catro rodas aliñadas, as cales as dianteiras exercen a función de dirección e as traseiras as de tracción, grazas á súa unión a través dun eixo, ao cal lle transmite potencia un motor.

Para o acceso a pista:

- Terán que ir provistos de pontóns laterais, frontais e defensa dianteira e traseira.
- Os tubos de sobrantos e respiros de carburador, radiador, motor, etc, irán a un recipiente adecuado.
- Terán que ir provistos de cubrecadea.
- So se permitirá auga como líquido refregerante.

b) MOTOS: vehículo de dúas rodas, impulsado por un motor que acciona a roda traseira. Comprende dun cadro ou chasis e as rodas, as cales a dianteira, exerce a dirección e a traseira a tracción.

Para acceso a pista:

- As partes plásticas que compoñan a motocicleta derán estar libres de roturas e aristas que entrañen perigo para os pilotos.
- Non se admitirán motocicletas que dispoñan de ópticas e elementos luminosos (intermitentes, luces de feo, etc). Tampouco cabaletes ou pata.
- As estribas deberán ser retráctiles. Os estribos deberán levar unha deslizadeira de nylón ou similar coa finalidade de que a parte metálica dos estribos non dañe o asfalto.
- Os latiguillos terán que ser metélicos, de presión de hidráulica ou similar.
- Os tubos de sobrantos e respiradores de carburador, radiador, motor, etc., irán a un recipiente adecuado.

3.- Obrigas dos usuarios.

No momento de cursar solicitude uso da instalación deportiva do circuíto de Outeiro de Rei, os usuarios, asumen as seguintes obrigas:

- Deberán de estar en posesión dun seguro de accedentes propios. O número de póliza e compañía aseguradora deberá de constar sempre na instancia de solicitude. O titular está obrigado a manter a súa vixencia, en todo caso, será responsable de calquera dano sufrido no transcurso da actividade, sempre e cando non sexa consecuencia directa dun mal estado da instalación.
- Os usuarios comprométese a respetar e cumpriras normas de xestión e funcionamento do Circuíto expostas ao público nas instalación. No caso de non cumprir estas normas ou de alterar a normal actividade da instalación, o persoal encargo das instalación, poderá proceder á expulsión dos usuarios negligentes, non dando dereito tal expulsión ao reembolso das taxas satisfeitas.
- Os usuarios deberán utilizar as instalacións adecuadamente, evitando posibles deterioros ou danos nas instalación, na saúde ou nos dereitos dos outros usuarios. A tal fin, estará prohibido:
 - Pintar, taladrar ou atornillar as soleiras ou as estruturas, tanto na pista como nos boxes.
 - Derrame de líquidos (combustible, lubricantes, etc) nas soleiras, tanto na pista, como no zona de boxes.
 - Deberán de protexer con materiais illantes, aqueles elementos dos seus vehículos, os cales en caso de accidente, poidan causar danos persoais ou materiais ao resto de usuarios ou ás propias instalación.
- Deberán de usar os equipos de protección individual requeridos segundo o vehículo que vaian pilotar. Para entrar na pista cada piloto debe estar perfectamente equipado, con casco, botas, luvas, mono e protección debidamente homologadas.
- Na pista do circuíto circularase entrando e saíndo nela en sentido marcado polo acceso sinalado para a saída. Únicamente se poderá saír do circuíto neste punto salvo avaría ou accedentes.
- Entrarase e sairase da pista sempre polos accesos sinalados.
- límite máximo de pilotos rodando o mesmo tempo na pista será de 20.
- Está terminantemente prohibido circular en sentido contrario, sempre en sentido horario.
- Está prohibido pararse dentro da pista.
- Unha vez fora da pista a entrada de novo na mesma se fará cando sexa segura a incorporación e non circule ou vaia a circular en breve outro piloto polo mesmo lugar.

- En caso de accidente, o piloto que circule detrás do accidentado anunciará os restantes pilotos o suceso, reducindo a velocidade paulatinamente.
- Na pista circularase cunha velocidade moderada de acordó coas condicións da pista e cos pilotos que estean circulando nela.
- Os pilotos deberán seguir sempre trazadas naturais sen facer manobras bruscas na pista, xa que poden poner en perigo os pilotos máis rápidos ou máis lentos que circulen por diante ou por detrás.
- Nos boxes tódolos vehículos deberán circular lentamente sen superar os 5Km/h quedando prohibida a circulación reiterada destes. Prohíbese as exhibicións, derrapes, aceleracións bruscas na zona.
- Está prohibida circulación dos vehículos fora da pista do circuito salvo por avaría ou accedente.
- As reparacións e marcaxes deberán facerse estrictamente na zona de boxes.
- É obrigatorio dar unha volta de recoñecemento o circuito antes de comezar os entrenamentos co fin de coñecer tódalas circunstancias da pista.

Tódalas normas están establecidas para salvaguardar a seguridade de tódolos pilotos. O piloto que non cumpra estas normas poderá ser expulsado, por ocasionar un grave risco para os demais usuarios.

O piloto deportista exime de calquera responsabilidade civil ou penal o Concello de Outeiro de Rei por acción ou lesións derivadas hacia a súa persoa ou a terceiros por causa da práctica e participación deportiva realizada no circuito de Outeiro de Rei.

O feito de que esta norma este exposta no circuito imprica que o interesado asume ser o único reponsable dos seus feitos e lesións ou aqueles que puideran ocasionar a terceiros.

4.-Prohibición e suspensión de probas deportivas.

O Concello de Outeiro de Rei poderá prohibir ou no case de haber comezado, suspender a celebración da proba deportiva, actividade/es, competicións ou torneos, nos seguintes casos:

- Os que puideran ser constitutivos de delito.
- Cado o desenrolo dos mesmos se produza ou se considere que pode producirse alteracións do orde público co perigo para as persoas ou os seus bens.
- Cando exista risco grave para a seguridade das persoas.
- Cando non se presenten as autorizacións preceptivas.

A suspensión dos espectáculos poderán decidirse tamén polo delegado da autoridade que asista o mesmo, previo aviso os organizadores, cando se produzan graves alteracións do orden público; perigue a seguridade de persoas ou bens ou as circunstancias climatolóxicas así o aconsellen.

TITULO III. RÉXIME SANCIONADOR

Artigo 30. Potestade sancionadora.

Serán responsables das infraccións establecidas na presente Ordenanza toda persoa física ou xurídica que realice calquera das accións ou omisións constitutivas das mesmas.

Cando os usuarios das instalacións sexan asociacións deportivas, centros docentes e demais persoas xurídicas, estas responderán solidariamente as infraccións cometidas por calquera dos seus membros integrantes ou persoas designadas ou autorizadas por eles para o uso da instalación, nos termos que así o prevexa a normativa de aplicación, sen prexuízo dos efectos que ditas infraccións puidesen supoñer para as autorizacións.

Será órgano competente para a incoación e resolución dos expedientes sancionadores pola comisión das infraccións previstas nesta Ordenanza, o Alcalde do Concello ou Concelleiro en quen delegue.

Artigo 31. Infraccións.

1. As infraccións clasifícanse en leves, graves e moi graves.
2. Considéranse infraccións leves:
 - a) Introducir animais de calquera clase ou obxectos non permitidos tales como latas, recipientes de vidro, etc., nas instalacións, zonas de práctica deportiva e anexos.
 - b) Fumar nas instalacións deportivas ou elementos anexos, salvo en zonas habilitadas ou autorizadas. A práctica de xogos, quecementos ou deportes con balóns, pelotas ou outros obxectos en todos aqueles espazos que non se consideren deportivos.
 - d) A entrada de patíns, monopatines, bicicletas ou calquera outro vehículo nas instalacións deportivas, salvo nos lugares destinados a tal fin.
 - e) Non utilizar a vestimenta adecuada nas zonas específicas destinadas á práctica do deporte.
 - f) Faltar ao respecto ou non atender as indicacións ou instrucións dos responsables das instalacións.
 - g) Non presentar o carné acreditativo da condición de usuario.

- h) Calquera outro incumprimento das normas establecidas na presente Ordenanza, que non se atope cualificada como infracción de carácter grave ou moi grave.
3. Considéranse infraccións graves:
- a) A entrada a vestiarios destinados exclusivamente ao outro sexo.
 - b) A alteración da orde no interior do recinto ou instalación deportiva.
 - c) Non atender de forma reiterada ás indicacións ou instrucións que os responsables establezan para o bo funcionamento dos servizos e as instalacións.
 - d) Causar danos ou deteriorar as instalacións, equipamentos, material deportivo e elementos anexos.
 - e) A realización de actos que impliquen obstrución ou alteración do uso das instalacións ou equipamentos por calquera outras persoas.
 - f) A inobservancia das normas de uso da instalación, en especial as enfocadas á convivencia co resto de usuarios, as de mantemento e conservación e aquelas que faciliten o bo estado e limpeza da mesma.
 - g) A agresión verbal ao persoal da instalación deportiva municipal ou a outro usuario. h) Non respectar os horarios e funcionamento dos servizos deportivos.
 - i) Tomar fotografías ou vídeos sen consentimento expreso dos interesados.
 - j) Expoñer lemas publicitarios ou pancartas sen autorización do propietario da instalación.
4. Son infraccións moi graves:
- a) Ceder o carné ou permitir o uso da instalación a un terceiro.
 - b) A alteración reiterada da orde no interior do recinto.
 - c) Causar danos ou deteriorar gravemente as instalacións, equipamentos ou material deportivo ou elementos anexos.
 - d) A realización de actos que impliquen, impedimento ou grave e relevante obstrución do uso das instalacións ou equipamentos por calquera outras persoas. e) A utilización de instalacións deportivas para fins distintos dos previstos na autorización de uso.
 - f) O incumprimento das obrigacións específicas asumidas ao obter a autorización de uso das instalacións.
 - g) A subtracción de calquera elemento ou obxecto de propiedade allea.
 - h) A agresión física ao persoal da instalación deportiva municipal ou a outro usuario.
 - i) Introducir ou exhibir pancartas, símbolos, emblemas ou lendas que, polo seu contido ou polas circunstancias nas que se exhiban ou utilicen poida ser considerado como un acto que incite ou fomente os comportamentos violentos, xenófobos, racistas, ou como un acto de manifesto desprezo aos participantes na actividade deportiva.
 - j) Introducir armas, bengalas, petardos explosivos ou calquera produto inflamable, fumígeno ou corrosivo.
 - k) Acender lume.
 - l) Subarrendar, ceder ou prestar o dereito de uso dos espazos deportivos con reserva a terceiras persoas ou entidades sen autorización expresa.
 - m) Expedir ticket ou vender entradas de acceso ao recinto deportivo sen autorización expresa do concello.
 - n) Non facilitar a documentación requirida polo concello en cumprimento da presente Ordenanza.

Artigo 32. Sancións.

1. Salvo que a infracción atópese tipificada pola lexislación sectorial aplicable, nese caso a contía da sanción adecuarase á prevista na devandita lexislación, aplicaranse as seguintes sancións:
 - a) Pola comisión de infraccións leves apercibimento e/ou imposición de multa de ata 750 euros en función da maior ou menor gravidade dos feitos.
 - b) Pola comisión das infraccións graves multa desde 751 ata 1500 euros, en función da maior ou menor gravidade dos feitos.
 - c) Pola comisión de infraccións moi graves, multa desde 1501 ata 3000 euros, en función da maior ou menor gravidade dos feitos.
2. O establecemento de sancións pecuniarias deberá prever que a comisión das infraccións tipificadas non resulte máis beneficioso para o infractor que o cumprimento das normas infrinxidas.

3. Todas as sancións son independentes da posibilidade de esixir ao responsable a reparación do dano ou deterioración producido, e en caso de incumprimento, de proceder á imposición de multas coercitivas ou á súa execución subsidiaria.

Se os danos fosen irreparables a indemnización corresponderase co importe de reposición a novo dos bens ou elementos en cuestión.

Disposicións finais.

Primeira. Entrada en vigor. Esta Ordenanza entrará en vigor unha vez que, publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, transcorrese o prazo de quince días establecido no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de Abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Segunda. Habilitación para o desenvolvemento da presente Ordenanza.

Autorízase ao Alcalde para ditar cantas resolucións estime oportunas en desenvolvemento do disposto nesta norma, co obxecto de mellorar a prestación do servizo e a utilización das distintas instalacións polos usuarios, en particular o desenvolvemento das normas específicas de utilización das instalacións deportivas municipais xa existentes ou que poidan incorporarse nun futuro e os modelos de solicitudes e outros previstos na Ordenanza”.

Outeiro de Rei, 4 de abril de 2022.- O Alcalde, José Pardo Lombao.

R. 0784

RIBADEO

Anuncio

Secretaría Xeral.02

Expediente núm. 3524/2018

RESOLUCIÓN DA ALCALDIA-PRESIDENCIA.-

Visto expediente instruído para concurso de méritos interno para a categoría de electricista.

Resultando, que por resolución da Alcaldía-Presidencia de data 18 de marzo de 2022 se prestou aprobación á listaxe provisional de admitidos-excluídos, publicándose no taboleiro de anuncios e mais na web municipal tal e como se sinalaba nas Bases da convocatoria sen que se presentasen alegacións ou reclamacións durante o período de exposición.

Visto canto antecede, esta Alcaldía de conformidade co disposto nas bases para o proceso selectivo de referencia, Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e demais normativa de pertinente aplicación,

RESOLVE

1º. Elevar a definitiva a listaxe de admitidos e excluídos de referencia.

2º. Fixar a **composición do órgano de selección do seguinte xeito:**

Presidente:

Titular: D. Francisco M. Moreda Gil, arquitecto municipal do Concello de Ribadeo.

Suplente: D^a Mónica Barcia Paredes, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Ribadeo.

Vogais:

Titular: D^a María Jesús Díaz Amor, Administrativa do Concello de Ribadeo.

Suplente: D^a Patricia Coence Antelo, Tesoureira do Concello de Ribadeo

Titular: D. Carlos Longarela Sanfiz, arquitecto municipal do Concello de Ribadeo

Suplente: D^a Cristina González Santín, Interventora municipal

Titular: D. Emilio García Río, Administrativo do Concello de Ribadeo.

Suplente: D. Jaime Pérez Fernández, Técnico de M^a Ambiente do Concello de Ribadeo.

Secretario con voz e sen voto:

Titular: D. José Rodil Veiga, TAX, Xefe do Servizo de Persoal do Concello de Ribadeo.

Suplente: D. José A. Carro Asorey, Secretario Xeral en acumulación deste Concello de Ribadeo

Os membros do Tribunal están suxeitos ao réxime de recusación previsto na vixente Lei 39/2015, de 1 de outubro d Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

3º.- Fixar como data e hora para levar a cabo a valoración de méritos e resolución do proceso selectivo:

Data: 3 de maio de 2022. Hora: 11,00 horas. Lugar: Salón de Plenos do Concello.

4º. Publicar anuncio con esta Resolución no taboleiro de anuncios do Concello, sede electrónica da web municipal www.ribadeo.gal e BOP de Lugo aos efectos legais procedentes.

Mandao e asinao o Sr.Alcalde, en Ribadeo 4 de abril de 2022, do que eu Secretario dou fe.- O ALCALDE, FERNANDO SUÁREZ BARCIA.- O SECRETARIO XERAL, JOSÉ A, CARRO ASOREY.

R. 0785

Anuncio

Por acordo do Pleno municipal de data 7 de abril de 2022 apróbase inicialmente a modificación do cadro de persoal deste Concello:

De conformidade co disposto no artigo 126 do Texto Refundido das Disposicións vixentes en materia de Réxime Local aprobado polo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, sométese a información pública polo prazo de quince días, a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio en o Boletín Oficial da Provincia.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións e reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [<http://ribadeo.sedelectronica.gal>].

No caso de que non se presentasen reclamacións durante este período, entenderase elevado a definitivo o acordo de aprobación inicial e a modificación considerábase aprobada.

Ribadeo, 8 de abril de 2022.- O ALCALDE, FERNANDO SUAREZ BARCIA.

R. 0823

Anuncio

Na sesión plenaria celebrada o día 7 de abril de 2022 aprobouse inicialmente a modificación da relación de postos de traballo (RPT) do Concello.

De conformidade co previsto no artigo 202 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, expónse ao público a efectos de exame e reclamacións por prazo de vinte días hábiles a contar dende o seguinte ao de publicación deste anuncio no BOP.

Para o caso de non presentarse alegacións ou reclamacións entenderase aprobada definitivamente a modificación indicada.

Ribadeo, 8 de abril de 2022.- O ALCALDE, FERNANDO SUAREZ BARCIA.

R. 0824

Anuncio

Modificación orzamentaria 09/2022, mediante Suplemento de crédito 01/2022

O Pleno do Concello de Ribadeo, en sesión que se levou a cabo o día 07/04/2022 acordou a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos núm. 09/2022 do Orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito por importe de 299.099,58 €

En cumprimento do disposto no artigo 169.1, por remisión do 179.4, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, sométese o expediente á exposición pública **durante o prazo de quince días**, contados desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

Se unha vez transcorrido ese prazo non se presentan alegacións, considerábase aprobado definitivamente o dito acordo.

Ribadeo, 8 de abril de 2022.- O ALCALDE, FERNANDO SUÁREZ BARCIA.

R. 0825

*Anuncio***Modificación orzamentaria 11/2022, mediante Suplemento de crédito 02/2022**

O Pleno do Concello de Ribadeo, en sesión que se levou a cabo o día 07/04/2022 acordou a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos núm. 11/2022 do Orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito por importe de 464.275,44 €

En cumprimento do disposto no artigo 169.1, por remisión do 179.4, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, sométese o expediente á exposición pública **durante o prazo de quince días**, contados desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

Se unha vez transcorrido ese prazo non se presentan alegacións, considerarase aprobado definitivamente o dito acordo.

Ribadeo, 8 de abril de 2022.- O ALCALDE, FERNANDO SUÁREZ BARCIA.

R. 0826

*Anuncio***Modificación orzamentaria 12/2022, mediante Suplemento de crédito 03/2022**

O Pleno do Concello de Ribadeo, en sesión que se levou a cabo o día 07/04/2022 acordou a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos núm. 12/2022 do Orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito por importe de 810.143,77 €

En cumprimento do disposto no artigo 169.1, por remisión do 179.4, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, sométese o expediente á exposición pública **durante o prazo de quince días**, contados desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

Se unha vez transcorrido ese prazo non se presentan alegacións, considerarase aprobado definitivamente o dito acordo.

Ribadeo, 8 de abril de 2022.- O ALCALDE, FERNANDO SUÁREZ BARCIA.

R. 0827

MINISTERIO DE FACENDA**BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) - LUGO***Anuncio***BASES XERAIS REGULARADORAS DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES A ONG PARA A REALIZACIÓN DE PROXECTOS DE COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO E SENSIBILIZACIÓN SOCIAL**

BDNS (Identif.): 619431

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publíquese o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/619431>)

Primeiro. Requisitos para ser entidades beneficiarias de subvención.

Poderán solicitar axudas para a realización de proxectos de cooperación ao desenvolvemento e sensibilización social as organizacións non gobernamentais de desenvolvemento que reúnan todos os seguintes requisitos:

- Estar legalmente constituídas e inscritas no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento creado pola Xunta de Galicia.
- Acreditar, no caso de proxectos de cooperación ao desenvolvemento, unha experiencia mínima de 2 anos no ámbito territorial de actuación para o que se solicita o proxecto e acreditar unha experiencia mínima de 4 anos realizando proxectos de cooperación coa consecuente capacidade operativa para isto.
- Carecer de ánimo de lucro e non depender economicamente ou institucionalmente de entidades lucrativas.
- Ter entre os seus fins institucionais expresos, segundo os seus propios estatutos, a realización de actividades relacionadas coa cooperación ao desenvolvemento /sensibilización social e o fomento da solidariedade entre os pobos, cooperación social ou actividades análogas.

e) Ter xustificadas en prazo e de acordo coas bases reguladoras de cada convocatoria as subvencións concedidas, con anterioridade polo Concello de Lugo, para o cumprimento de fins análogos, durante os dous exercicios económicos anteriores.

f) Estar ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Delegación de Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia, coa Tesourería Territorial da Seguridade Social e co Concello de Lugo, respectivamente.

g) Non estar incurso en prohibición para obter a condición de beneficiario/a das subvencións de conformidade co artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

h) Presentar un proxecto que sexa tecnicamente viable.

i) Ter sede, domicilio social ou delegación permanente na Comunidade Autónoma de Galicia e manter a entidade aberta durante a execución do proxecto e ata 1 ano despois da súa finalización.

Entenderase por delegación permanente aquela que conte con persoal da organización e local fixo onde realicen as súas actividades, non se admitirá a referencia ao domicilio dunha persoa socia ou representante da entidade da mesma como domicilio social. Esta circunstancia deberá ser xustificada documentalmente pola entidade beneficiaria podendo o concello realizar de oficio as comprobacións pertinentes para verificar o cumprimento deste requisito. Neste caso, esta delegación asumirá a responsabilidade directa na presentación da solicitude e comprometerase ao mantemento da documentación, á contabilidade e coexistión do proxecto.

j) Que nos proxectos de cooperación ao desenvolvemento se identifiquen as contrapartes ou socios locais que participen responsablemente na execución material do proxecto e na xestión dos recursos, contando expresamente o seu compromiso no proxecto.

O cumprimento destes requisitos deberá verificarse no día de remate de presentación de solicitudes e o seu incumprimento convelará a inadmisión a trámite da solicitude presentada.

Segundo. Bases reguladoras

As bases xerais polas que se regula a concesión de subvencións a organizacións non gobernamentais de desenvolvemento para a realización de proxectos de cooperación ao desenvolvemento e proxectos sensibilización social en Lugo, e os seus anexos (exercicio económico 2022), aprobounas a Xunta de Goberno local do Concello de Lugo, Acordo número 14/194 na sesión ordinaria que tivo lugar o 30 de marzo de de dous mil vinte e dous, publicación en BOP de Lugo xunto coa convocatoria.

Terceiro. Contía

Esta convocatoria está dotada cun orzamento total de 80.000 €, dos cales 70.000 € financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 23179.78000 (RC7398) destinados a gastos de investimento dos proxectos de cooperación, e 10.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 23179.48900 (RC7397) con destino a gastos correntes dos proxectos de sensibilización social ambas as dúas aplicacións orzamentarias pertencentes ao orzamento municipal para o exercicio económico de 2022.

Cuarto. Criterios de valoración e contía da subvención

Para a avaliación das solicitudes, distinguirase entre proxectos de cooperación ao desenvolvemento e proxectos de sensibilización social. A puntuación máxima outorgable aos proxectos de cooperación ao desenvolvemento é de 45 puntos e a puntuación máxima outorgable aos proxectos de sensibilización social é de 30 puntos.

Será condición indispensable para obter subvención acadar ou superar o 60% da puntuación máxima esixida para cada un dos proxectos na fase de avaliación dos proxectos, que nos proxectos de cooperación é de 27 puntos, e nos proxectos de sensibilización social é de 18 puntos.

Independentemente do anterior, aqueles proxectos que a Comisión de Avaliación de Actividades de Desenvolvemento considere que son de imposible execución serán rexeitados por non ser tecnicamente viables.

Non serán puntuables aqueles criterios que constitúan un requisito esixido para participar na convocatoria. A avaliación rexerese polos criterios relacionados a continuación e cada un dos aspectos seguintes será puntuado co rango de puntuación que se indica sendo a puntuación final de cada proxecto o resultado da suma total de cada un dos parágrafos obxecto de baremación.

A) AVALIACIÓN DOS PROXECTOS DE COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO.

a) Experiencia da ONG solicitante (de 0 a 15).

- Achega financeira da ONGD e/ou da contraparte local ao proxecto que garanta a súa execución con independencia do financiamento externo. Só se puntuarán as achegas que sexan superiores ao 10% do orzamento presentado. (Ata 5 puntos).

- Presenza da entidade no Concello de Lugo coa localización dunha sede permanente. (Se conta con sede obterá 3 puntos, en caso contrario 0 puntos).

- Experiencia no ámbito da cooperación ao desenvolvemento. Número de proxectos realizados. (Ata 3 puntos)
 - Experiencia na zona/ país na que se vai desenvolver o proxecto. Número de proxectos realizados.(Ata 4 puntos)
 - b) Grao de adecuación do proxecto ás prioridades sinaladas no artigo 2.1 apartado a), b) e c) destas bases (de 0 a 10)
 - Proxectos que se enmarquen nos ámbitos estratéxicos da cooperación galega establecidos no IV Plan director da cooperación galega (promoción do exercicio dos dereitos sociais básicos: saúde, educación, alimentación, hábitat, auga e saneamento básico, apoio á agricultura, a pesca e a acuicultura sostible , impulsar a equidade de xénero e máis o empoderamento e o exercizo dos dereitos das mulleres e da infancia, paliar e reducir a vulnerabilidade e construír unha cidadanía global comprometida coa transformación social, a solidariedade e o desenvolvemento humano sostible. (Ata 5 puntos)
 - Que se trate de proxectos que contemplen formas de organización social e/ou a formación das persoas destinatarias. (Ata 5 puntos)
 - c) Garantías de viabilidade e coherencia interna do proxecto (de 0 a 10).
 - Que ofrezan garantías de viabilidade e sostibilidade técnica, económica e social, especialmente a través da capacidade da contraparte local no país beneficiario para cumprir os obxectivos previstos. (Ata 5 puntos)
 - Claridade e rigor na presentación e redacción do proxecto. Valorarase a claridade de obxectivos e da metodoloxía proposta para acadalos. Rigoroso detalle orzamentario. (Ata 5 puntos)
 - d) Participación da poboación destinataria e discriminación positiva (0 a 10)
 - Que se leven a cabo coa participación directa das persoas beneficiarias na súa elaboración, desenvolvemento e execución. Neste sentido, teranse en conta aqueles proxectos que contribúan ao autodesenvolvemento, a curto e medio prazo e prevexan a súa continuidade con medios materiais e humanos propios. Valorarase a achega local de calquera tipo ao proxecto. A poboación beneficiaria debe estar claramente definida (identificada, cuantificada e caracterizada), establecendo ademais os criterios utilizados para a súa selección e o grao de participación nela nas fases do proxecto para a apropiación do proxecto. (Ata 5 puntos).
 - Que contemplen medidas de discriminación positiva cara a sectores de poboación máis desfavorecidos, en particular, infancia, muller, comunidades indíxenas, persoas refuxiadas, desprazadas e retornadas e que contemple a igualdade de oportunidades muller-home (intervencións orientadas á capacitación, asistencia xurídica e dereitos da muller así como a participación da muller nos procesos de toma de decisións). (Ata 5 puntos).
- B) A AVALIACIÓN DOS PROXECTOS DE SENSIBILIZACIÓN SOCIAL.**
- a) Experiencia da ONG solicitante (0 a 10).
 - Experiencia no ámbito da sensibilización social. Número de proxectos realizados nos últimos 4 anos. (ata 2 puntos).
 - Experiencia no ámbito da sensibilización en Lugo. Número de proxectos realizados nos últimos 4 anos. (ata 3 puntos)
 - Presenza da entidade no Concello de Lugo coa localización dunha sede permanente.(se conta con sede obterá 3 puntos, en caso contrario 0 puntos)
 - Achega financeira da ONG ao proxecto presentado. (ata 2 puntos).
 - b) Sostibilidade da intervención (0 a 10).
 - Que contemple a capacidade de integrar nas distintas áreas e recursos institucionais (educación, saúde, servizos sociais) medidas de carácter permanente relativas á educación para o desenvolvemento.(ata 4 puntos)
 - Que estean dirixidos a colectivos con elevado efecto multiplicador (asociacións cidadáns, colectivos profesionais, educadores...) (ata 3 puntos)
 - Que contemplen unha ampla difusión dos contidos das actividades.(ata 3 puntos).
 - c) Grao de adecuación do proxecto ás prioridades do artigo 2 destas bases (0 a 10)
 - Que fomente a participación activa dos cidadáns e dos colectivos destinatario.(ata 4 puntos).
 - Que dean a coñecer a realidade dos países máis desfavorecidos e das causas que xeran a pobreza e que defendan especialmente a situación da infancia, muller, xuventude, persoas indíxenas, refuxiadas e desprazadas (ata 3 puntos).
 - Claridade e rigor na presentación e redacción do proxecto. Rigoroso detalle orzamentario e coherencia del cos obxectivos do proxecto.(ata 3 puntos).

A acta de avaliación deberá recoller a motivación utilizada naqueles criterios que teñan un carácter máis subxectivo.

Unha vez sumada a puntuación obtida por todos os proxectos é preciso calcular o VALOR PUNTO. Para isto, divídese a contía total para repartir entre o número total de puntos obtidos polos proxectos correspondentes a cada unha delas.

A contía a outorgar a cada proxecto será a resultante de multiplicar o valor punto polo número de puntos obtidos por estes. Se a cantidade resultante desta operación fose superior á subvención solicitada e subvencionable, concederáselle esta última. O importe sobrante distribuirase con idéntico criterio nun ÚNICO prorrateo.

A contía máxima das subvencións concedidas non superará en ningún caso o 90% do custo da actuación proxectada pola entidade solicitante debendo constar, na solicitude, o compromiso de achegar o 10% do orzamento presentado.

As actividades obxecto de subvención poderán ser obxecto de subcontratación nos termos establecidos no artigo 29 da Lei 38/2003 xeral de subvencións.

Quinto. Forma e prazo de presentación das solicitudes

As organizacións non gobernamentais presentarán a solicitude no modelo do ANEXO I, de acordo co disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, LPACAP, por medios electrónicos, ben a través da sede electrónica (www.lugo.gal) ou a través de calquera dos rexistros electrónicos das administracións públicas segundo o artigo 16.4 a) do mesmo texto legal, dentro do prazo de QUINCE DÍAS HÁBILES, contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no BOP.

LUGO, 5 de abril de 2022.- O Secretario Xeral da Xunta de Goberno Local, Miguel Fernández Méndez.

R. 0798

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO **CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS**

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

EXPEDIENTE DE VERTIDO DE AGUAS RESIDUALES.

EXPEDIENTE: V/27/01172-2

PETICIONARIO: María Isabel Piñeiro Díaz

VERTIDO

DENOMINACIÓN: Vivienda en Montixo

LOCALIDAD: Montixo Muro (San Xoán)

TÉR.M. MUNICIPAL: Láncara

PROVINCIA: Lugo

RÍO/CUENCA: Rego de Cantaral/Neira

El vertido cuya autorización se solicita corresponde a las aguas residuales urbanas de "Vivienda en Montixo" - "María Isabel Piñeiro Díaz", con un volumen máximo anual de 236,00 m³.

Las instalaciones de depuración constan básicamente de los siguientes elementos:

- Decantador-digestor con filtro biológico.
- Arqueta de toma de muestras.
- Pozo filtrante.

Lo que se hace público para general conocimiento, por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O. A. durante el plazo indicado.

El expediente de vertido estará de manifiesto en las Oficinas de esta Comisaría de Aguas en Lugo (Ronda da Muralla, 131, 2º).

Lugo, 1 de abril de 2022.- EL JEFE DE ÁREA DE GESTIÓN MEDIOAMBIENTAL, CALIDAD DEL AGUA Y VERTIDOS,
Diego Fompedriña Roca

R. 0786

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

EXPEDIENTE DE VERTIDO DE AGUAS RESIDUALES.

EXPEDIENTE: V/27/01442

PETICIONARIO: Axencia Galega de Innovación (GAIN)

VERTIDO

DENOMINACIÓN: Edificio central Aeródromo de Rozas

LOCALIDAD: Aeródromo de Rozas Mondriz (Santiago)

TÉR. MUNICIPAL: Castro de Rei

PROVINCIA: Lugo

RÍO/CUENCA: Lea/Lea

El vertido cuya autorización se solicita corresponde a las aguas residuales industriales de "Edificio central Aeródromo de Rozas" – "Axencia Galega de Innovación (GAIN)", con un volumen máximo anual de 2.423,000 m³.

Las instalaciones de depuración constan básicamente de los siguientes elementos:

- Arqueta de desbaste.
- Fosa séptica con prefiltro.
- Arqueta de toma de muestras.
- Zanjas filtrantes.

Lo que se hace público para general conocimiento, por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O. A. durante el plazo indicado.

El expediente de vertido estará de manifiesto en las Oficinas de esta Comisaría de Aguas en Lugo (Ronda da Muralla, 131, 2º).

Lugo, 1 de abril de 2022.- EL JEFE DE ÁREA DE GESTIÓN MEDIOAMBIENTAL, CALIDAD DEL AGUA Y VERTIDOS,
Diego Fompedriña Roca

R. 0787

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

EXPEDIENTE DE VERTIDO DE AGUAS RESIDUALES.

EXPEDIENTE: V/27/01462

PETICIONARIO: Jesús Cabarcos González

VERTIDO

DENOMINACIÓN: Vivienda en Santa Mariña

LOCALIDAD: Santa Mariña Pígara (San Pedro)

TÉR. MUNICIPAL: Guitiriz

PROVINCIA: Lugo

RÍO/CUENCA: Ladra/Ladra

El vertido cuya autorización se solicita corresponde a las aguas residuales urbanas de "Vivienda en Santa Mariña" – "Jesús Cabarcos González", con un volumen máximo anual de 124 m³.

Las instalaciones de depuración constan básicamente de los siguientes elementos:

- Fosa séptica con prefiltro.
- Arqueta de toma de muestras.
- Zanja filtrante. .

Lo que se hace público para general conocimiento, por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O. A. durante el plazo indicado.

El expediente de vertido estará de manifiesto en las Oficinas de esta Comisaría de Aguas en Lugo (Ronda da Muralla, 131, 2º).

Lugo, 1 de abril de 2022.- EL JEFE DE ÁREA DE GESTIÓN MEDIOAMBIENTAL, CALIDAD DEL AGUA Y VERTIDOS, Diego Fompedriña Roca

R. 0788

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

A/27/37991

Jose Matanza González, con D.N.I.***1718**, solicita autorización para talas en la zona de policía, cuyos datos son los siguientes:

CORRIENTE: Río Bubal

MARGEN / RIBERA: ambas

Nº Y ESPECIE DE LOS ÁRBOLES A TALAR: 26 robles, 270 abedules, 50 sauces, 23 alisos y 1 pinos

LUGAR: parcela 69-polígono 34 y parcela 36-polígono 50

PARROQUIA: Carballedo (Santa María)

TÉRMINO MUNICIPAL: Carballedo

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de **UN (1) MES**, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado puedan presentar sus reclamaciones, durante el plazo indicado en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil (Comisaría de Aguas, Ronda de la Muralla, 131-2ª planta, LUGO), donde estará de manifiesto de acuerdo con las normas de consulta derivadas de la situación sanitaria, pudiendo informarse previamente en el teléfono 982 265260 o en email registro.lugo@chminosil.es

Lugo, 30 de marzo de 2022.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 0789